

**PROXECTO  
EDUCATIVO  
DO  
IES CANIDO  
CURSO 23-24**



## Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	1
2. DESCRICIÓN DO CENTRO.....	2
2.1. A CIDADE DE FERROL.....	2
2.2. POBOACIÓN.....	2
2.3. CONTORNA SOCIOECONÓMICO E CULTURAL DO INSTITUTO.....	2
2.4. NOME E SITUACIÓN DO CENTRO.....	3
2.5. SITUACIÓN XURÍDICA DO CENTRO.....	4
2.6. CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DO CENTRO.....	4
2.7. OFERTA EDUCATIVA.....	6
2.8. CARACTERÍSTICAS IDEOLÓXICAS.....	7
3. ESTRUTURA DO CENTRO.....	9
3.1. ÓRGANOS DE GOBERNO.....	9
3.2. ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.....	11
3.3. HORARIO XERAL DO CENTRO.....	11
4. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.....	12
4.1. RECURSOS HUMANOS.....	12
4.2. ORZAMENTOS.....	12
4.3. RECURSOS MATERIAIS.....	12
5. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS.....	13
5.1. DOCENCIA.....	13
5.2. OBXECTIVOS DE DOCENCIA.....	13
5.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN, MATRÍCULAS DE HONRA.....	14
5.4. SECCIÓN BILINGÜES.....	17
5.5. ORIENTACIÓN.....	19
5.6. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DE ALUMNADO CON NEAE...26	
5.7. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	33
5.8. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO.....	45
5.9. PROXECTO LECTOR / BIBLIOTECA.....	48
6. NORMAS BÁSICAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO.....	54
6.1. PLAN DE CONVIVENCIA.....	54
7. REPARTO DE RESPONSABILIDADES.....	80

Aprobado por claustro e consello escolar o 28 de febreiro de 2024.

## 1. INTRODUCCIÓN

O presente proxecto educativo ten como finalidade enumerar e definir o conxunto de características que dan identidade ao noso instituto. É o resultado dun proceso de elaboración de carácter global que expresa os enunciados educativos xerais e os aspectos organizativos e de xestión do centro.

Pódese definir como un instrumento para a xestión, coherente co contexto escolar, que enumera e define os puntos de identidade do instituto, formula os obxectivos que pretende acadar, e concretar as normas e a estrutura organizativa da institución. É un instrumento que debe procurar a adecuada interrelación entre as actuacións do profesorado e persoal non docente, os pais e nais, o alumnado, e os recursos persoais, materiais e funcionais dispoñíbeis no marco deses obxectivos institucionais. O seu obxectivo no é outro que dotar de coherencia e personalidade propia ao centro e á súa comunidade educativa.

Dado que é un documento aberto, deberase actualizar anualmente adaptando o proxecto á realidade cambiante que conforma a comunidade educativa do IES Canido. Todos os sectores da nosa comunidade poden participar na actualización e renovación do principal documento do instituto.

A educación é unha tarefa de equipo na que intervén toda a comunidade educativa. Así pois, o reto principal para elaborarmos o PEC non reside só na súa execución material, senón no proceso de discusión interna dos compoñentes da comunidade escolar para traballar de forma participativa e solidaria. Existe na vida de todo centro educativo unha serie de criterios ou requisitos previos que nos axudarán nesa tarefa de traballo, tales como a motivación do profesorado, o espírito de colaboración dos pais e nais, o estímulo, organización e planificación da participación dos estamentos citados e do propio alumnado, análise do ritmo de elaboración, a consideración cambiante do contorno educativo, etc. Como consecuencia do exposto, este PEC pretende ser o resultado do traballo de toda a comunidade educativa do IES Canido.

En canto ao seu contido e coherentemente co contexto escolar, o PEC é un instrumento para a xestión que enumera e define os trazos de identidade do centro, formula os obxectivos que pretende, e expresa a estrutura organizativa da institución.

## **2. DESCRICIÓN DO CENTRO**

### **2.1. A CIDADE DE FERROL**

Ferrol sitúase no ángulo noroeste de Galicia. As características do seu emprazamento marítimo, fronte ás augas do Atlántico, van xogar un papel fundamental no seu despegue como importante núcleo urbano e industrial a partir de mediados do século XVIII. Pola contra, a súa situación periférica respecto do resto de Galicia e do interior peninsular, agravada pola insuficiencia das súas infraestruturas de comunicación, facilitaron o seu afastamento dos outros núcleos urbanos importantes.

Sábese que en 1498, data do primeiro mapa de litoral, a vila ferrolá limitábase a Ferrol Vello que se ía prolongando cara ó monte de Canido. Unha Real Orde de 1726 determina o punto de partida no destino desta poboación, ligada desde entón ata hoxe ós vaivéns da construción naval. O primeiro estaleiro constrúese na Graña, pero xa en 1749 trasládase ó monte de Esteiro, na enseada de Caranza, onde xorde un novo asentamento poboacional. O rápido crecemento da poboación, motivado polas grandiosas obras do recinto militar e as instalacións para a construción naval, determinou o nacemento do terceiro barrio histórico: o da Magdalena, á fronte dos arsenais e entre Ferrol Vello e Esteiro.

### **2.2. POBOACIÓN**

Ferrol é cabeceira de comarca cunha poboación aproximada de 65.500 habitantes e un dos núcleos urbanos máis importantes de toda Galicia. As maiores fases de crecemento corresponden ós anos 30-50, cando se anexiona o concello de Serantes. A segunda fase expansiva ós anos 60-81, coincidindo cunha política de construción naval expansionista e co auxe do estaleiro de ASTANO. Pola contra, a primeira caída demográfica corresponde ós anos 50-60, coincidindo coa saída masiva de emigrantes galegos a Europa. A segunda crise, a partir dos 80, débese a unha dura política de reconversión naval. Finalmente, hai que destacar nos últimos anos un claro proceso de envellecemento que, por outra parte, é común ó resto das cidades galegas. Nos últimos 25 anos perde habitantes a un ritmo de 1.000 habitantes/ano.

### **2.3. CONTORNA SOCIOECONÓMICO E CULTURAL DO INSTITUTO**

O barrio de Canido, segundo datos do centro de recursos informáticos do Concello de Ferrol, é o terceiro barrio de Ferrol en cantidade de poboación. É dos poucos barrios que presenta un crecemento poboacional positivo.

Segundo o CRI do Concello, a banda de idade da maior parte dos habitantes do barrio sitúase entre 31 e 40 anos, sendo 46,9 anos a idade media, segundo o Instituto Galego de Estatística a 1 de xaneiro de 2016.

Canido é un barrio de clase media-traballadora, cunha situación económica en pleno proceso de recuperación. Como en todo Ferrol, durante a crise sufriu un incremento xeneralizado do desemprego. Este desemprego afectou principalmente aos varóns maiores e con menor nivel de formación. Actualmente e nos próximos anos, está previsto realizar un importante investimento na comarca que afectará e mellorará diferentes sectores. Tales investimentos mellorarán as infraestruturas no porto exterior, suporán un

aumento na carga de traballo da industria naval (a cal presenta xa unha actividade esperanzadora con importantes proxectos en marcha) e fomentarán a internacionalización da industria forestal iniciada fai uns anos. No 2017 rematáronse as obras de depuración e vertido da ría de Ferrol, o cal dota a Ferrol dun novo sistema que aumentará a produción de marisco, e suporá unha inxección económica para o sector da pesca e o marisco.

Todas estas accións e algunha máis, confiamos en que representen un auténtico motor económico e de emprego, moi necesario para o barrio e para toda a cidade.

Nos últimos anos, o barrio de Canido mellorou moito a súa imaxe grazas a diferentes actuacións:

- Axudas para a rehabilitación das vivendas nas zonas máis deprimidas do barrio.
- Rehabilitación e mellora de numerosas rúas e prazas.
- Recuperación do Baluarte de Canido, no que podemos ver os restos da antiga muralla da cidade.
- Investimentos en obra nova, incluído a construción do Centro Cívico.
- Conversión dunha antiga instalación militar no importante e atractivo Museo de Historia Natural SGHN de Ferrol.
- Crecemento do sector da hostalería, o cal está realizando un traballo moi coidadoso e xera unha importante actividade diúrna no barrio. Devandito sector continuará o seu crecemento coa restauración e rehabilitación do Chalé de Canido (casa Indiana de Rodolfo Ucha) en hotel-restaurante con encanto.
- Unha importante actividade cultural, destacando o certame anual de pintura mural nas paredes do barrio denominado “As Meninas de Canido”, o cal vai acadando cada ano máis sona a nivel nacional e incluso internacional.

Todos estes feitos fannos ser razoablemente optimistas de que no futuro esta zona manterase cunha poboación estable, ou incluso cun crecemento positivo. Isto garantirá un nivel de matrícula similar ou maior ao que se tivo nos últimos anos.

O feito de que aumente a carga de traballo e se estableza a actividade laboral na cidade, fará que mellore a situación económica das familias; o cal será moi positivo á hora de programar actividades complementarias que supoñan un esforzo económico por parte dos pais.

Por todo isto, creo que o IES CANIDO é un instituto con pasado, presente, e sobre todo futuro. É necesario traballar para facer deste centro un instituto moderno, adaptado aos cambios que está xa a experimentar a sociedade e a educación no presente, e que se incrementarán probablemente de xeito exponencial nun futuro non moi lonxano.

## **2.4. NOME E SITUACIÓN DO CENTRO**

- Nome do centro: **I.E.S. CANIDO**
- Situación: Rúa Navegantes s/n. 15401-Ferrol (A Coruña).

Localizado no barrio de Canido, parte alta ó noroeste da cidade de Ferrol. Dentro do casco urbano e lindeiro coas murallas da igrexa parroquial do barrio (San Rosendo) e do polideportivo San Rosendo. Dende a súa posición pódese ver a enseada da Malata (Ría de Ferrol), Feira de Mostras e as instalacións deportivas municipais (Estadio de fútbol, campos de fútbol próximos, polideportivo cuberto, piscina cuberta, estadio de atletismo) e máis lonxe as parroquias de Serantes, Xoane, A Cabana e A Graña.

- Ano de fundación:

No curso académico 1979-80 foi incorporado polo Ministerio de Educación con nome de Mixto nº 3.

- Breve historia:

Sobre o que foi o solar do antigo cemiterio da cidade (que perde a súa función como tal no ano 1947) foi edificado un centro escolar no ano 1966 polo Bispado de Ferrol-Mondoñedo. Empeza a súa andaina como centro de ensino primario no curso académico 1967-68. No seguinte curso 1968-69 comeza a impartir ensino secundario para alumnado feminino como centro homologado, baixo a titularidade do Bispado e con dependencia administrativa do entón I. B. Camilo Alonso Vega, actual I.E.S. Sofía Casanova.

No curso 1979-80 foi adquirido polo Ministerio de Educación e comeza a funcionar como I.B. Mixto nº3 de xeito independente.

No ano 1983 realízase unha ampliación do edificio, construíndose acaroada unha á perpendicular (con dirección norte-sur) que duplica a súa capacidade.

No curso 1998-1999 realízase unha nova ampliación, consistente na prolongación da á nova, que permite incorporar un novo ximnasio e catro aulas.

No curso 2003-2004 constrúese un patio cuberto.

No curso 2004-2005 construíuse un almacén na parte posterior do patio cuberto.


A estrutura básica do edificio non sofre máis modificacións ata hoxe.

## **2.5. SITUACIÓN XURÍDICA DO CENTRO**

Dende o ano 1979 trátase dun centro de titularidade pública.

## 2.6. CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DO CENTRO

O centro consta de tres plantas (planta baixa, 1º andar e 2º andar)



- DEPENDENCIAS DA PLANTA BAIXA
  - 1 salón de actos.
  - 1 cafetería.
  - 1 vestíbulo.
  - 1 conserxería.
  - 4 espazos pequenos destinados a oficina e secretaría, despacho de dirección e vicedirección, xefatura de estudos, e unha sala pequena para atención a nais/pais.
  - 1 sala de profesorado con dous servizos. Estamos en pleno proceso de traslado á nova sala de profesorado no que anteriormente era a aula de plástica e contamos que culmine no segundo trimestre deste curso.
  - 1 departamento de orientación.
  - 1 aula de convivencia.



- 2 servizos.
- 1 servizo para persoas de mobilidade reducida.
- 1 aula taller para tecnoloxía.
- 2 duchas de alumnos.
- 2 duchas de alumnos para persoas de mobilidade reducida.
- 1 soportal grande pechado.
- 1 soportal de entrada.
- 1 ximnasio.
- 2 aulas de Informática.
- DEPENDENCIAS DO 1º ANDAR:
  - 5 espazos pequenos destinados a 5 departamentos: xeografía e historia, lingua e literatura galegas, inglés, francés e educación física.
  - 1 aula de plástica.
  - 1 aula e despacho da PT
  - 2 servizos.
  - 1 servizo para persoas de mobilidade reducida
  - 7 aulas grandes
  - 1 biblioteca.
- DEPENDENCIAS DO 2º ANDAR:
  - 5 espazos destinados a 4 departamentos: matemáticas, clásicas-filosofía-relixión, lingua castelá, lingua galega e inglés.
  - 6 aulas grandes.
  - 2 servizos.
  - 1 servizo para persoas de mobilidade reducida
  - 1 aula de informática.
  - 1 aula de música.
  - 4 laboratorios de: bioloxía, xeoloxía, física e química. Por problemas de espazo estanse utilizando os laboratorios de bioloxía, física e xeoloxía como aula.
  - 4 aulas pequenas para facer desdobres.

Ademais do que é o edificio central, o centro tamén consta de dúas pistas de cemento (unha delas cuberta) con canastras e porterías. Nun lateral do edificio central atópase un cuarto de caldeiras para a calefacción central (por gasóleo, con depósito do mesmo soterrado no exterior) e unha zona axardinada ó redor da entrada principal. Tamén nun lateral da pista de baloncesto atópase unha casa dun só andar adicada a vivenda dun dos conserxes do centro.

O centro dispón de equipos de televisión-vídeo, (polo menos dous por andar) así como de proxectores de diapositivas, retroproxectores, caixa de mesturas con vídeo-proxector no salón de actos, pantallas de proxección nas aulas e dúas fotocopiadoras (unha en conserxería e outra na sala de profesores/as).

Existe unha rede informática interna que abrangue ós departamentos didácticos, á sala de profesores, ós despachos de dirección, secretaría, xefatura de estudos, oficina, departamentos de orientación, biblioteca e as aulas de tecnoloxía, plástica e informática. Tamén contamos cunha rede interna de telefonía, de modo que todos os departamentos e despachos contan cun teléfono.

## 2.7. OFERTA EDUCATIVA

O centro ten autorizadas dúas liñas tanto na ESO como en bacharelato.

ESO: Este curso fixéronse tres grupos no primeiro ciclo da ESO salvo en titoría, relixión e proxecto competencial en 1º da ESO e en 2º da ESO salvo en francés, reforzo exentos francés, relixión, proxecto competencial e titoría.

- En 2º de ESO tamén temos sección bilingüe en tecnoloxía.
- As aulas de 1º e 2º de ESO son aulas ABALAR, as cales están equipadas con encerado dixital, portátil de profesor, e carro ABALAR con ordenadores portátiles.

Bacharelato: 2 grupos por curso. Ofértanse as modalidades de

- Ciencias e Tecnoloxía,
- Humanidades e Ciencias Sociais.

A oferta con respecto ás linguas estranxeiras que se imparten é a seguinte:

- INGLÉS como primeira lingua estranxeira.
- FRANCÉS como segunda lingua estranxeira ata 2º de ESO.
- FRANCÉS como optativa en 3º y 4º de ESO, e 1º BAC.

O IES Canido ten os seguintes centros adscritos:

- A LAXE
- IES FERROL VELLO
- CRISTO REY – FERROL
- VALLE INCLÁN I

## 2.8. CARACTERÍSTICAS IDEOLÓXICAS

O IES Canido defínese polas seguintes características ideolóxicas:

**Lingua de aprendizaxe e de uso:** dada a cooficialidade das linguas galega e castelá, no IES traballárase para conseguir o dominio de ambas as dúas linguas, velando polo cumprimento da lexislación sobre a lingua galega e respectando a expresión individual. A administración e comunicación oficial do instituto faise integramente en lingua galega, salvo os casos nos que os escritos oficiais teñan efecto fóra da comunidade.

**Definición dos eixos transversais:** na maior parte das actuacións de cara a formación dos nosos alumnos e alumnas preténdese que acaden espírito crítico, racionalidade e autonomía, entendendo esta última nunha tripla modalidade:

- Adquisición duns principios e valores que lle permitan incorporarse a sociedade como un membro útil e participativo cunha verdadeira conciencia social dos problemas que lle toquen vivir.
- Adquisición dos coñecementos necesarios para incorporarse a estudos superiores ou a unha actividade profesional coas suficientes garantías para o seu desenvolvemento.
- Capacidade para a consulta do fontes que lle permitan ampliar o seu campo de expectativas tanto no eido cultural coma no profesional e cívico, adquirindo unha actitude crítica.
- Para acadar esa tripla finalidade traballárase dunha forma directa ou indirecta valores como liberdade, responsabilidade, solidariedade, tolerancia, autoestima, igualdade e atención á diversidade.
- Outro aspecto a traballar nesta dualidade de valores é que o alumno as interiorice para o desenvolvemento posterior da súa tarefa profesional.
- A solidariedade-tolerancia quere móla tratar dunha forma ben diferenciada, entendéndoa coma unha resposta individualizada á formación que cada un debe asumir respondendo as necesidades que poidan xurdir na relación cos compañeiros/as ou coa sociedade.
- Para traballar a autoestima-autoprotección tratarase de inculcar a necesidade de coidarse en todos os aspectos, tanto da alimentación e coidados do corpo, coma no desempeño de calquera actividade. Adoptaremos as medidas oportunas co fin de conseguir non soamente a nosa seguridade senón tamén a dos nosos compañeiros/as, estando a responder a unha necesidade colectiva de intentar reducir a sinistralidade laboral así como as enfermidades normais e profesionais.
- A igualdade como feito social no que se busca unha participación na que o sexo non é un factor distintivo ou discriminado.
- A atención á diversidade como vía de non discriminación e de oportunidade. Cando se dan circunstancias no alumnado que requiran unha atención especial, o centro dispón dos elementos de detección e orientación axeitados para individualizar o proceso ensino-aprendizaxe.

### 3. ESTRUCTURA DO CENTRO

#### 3.1. ÓRGANOS DE GOBERNO

ÓRGANOS DE GOBERNO			
ÓRGANOS UNIPERSONAIS	ÓRGANOS COLEXIADOS	ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS
<b>Director</b> RODRIGO MONTES RDGUEZ.	<b>Consello Escolar</b> LIDIA BECEIRO NÚÑEZ MARÍA ÁNGELES CALVO LOSADA CLARA GOAS VARGAS MAIKEL HERNÁNDEZ CASTELLANOS* SANDRA MARÍA JUIZ RÍO RODRIGO MONTES RODRÍGUEZ* MANUEL JOAQUÍN RGUEZ. LÓPEZ* BERTA MARÍA RODRÍGUEZ PENA CRISTÓBAL BLANCO LÓPEZ MARGARITA CARBALLEDA PEREIRO ANA SONIA PRIMROY VARELA MARÍA ILDA VILLAMARIN GIL * ÁLVARO GONZÁLEZ MARTÍNEZ LUNA LORENZO RÍO BLANCA GARCÍA OLIVARES	<b>Departamentos didácticos</b> ARTES PLÁSTICAS CIENCIAS NATURAIS ECONOMÍA EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTIVA FILOSOFÍA FÍSICA E QUÍMICA LATÍN LINGUA E LIT. CASTELÁ LINGUA E LIT. FRANCESA LINGUA E LIT. GALEGA LINGUA E LIT. INGLESA MATEMÁTICAS MÚSICA ORIENTACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA TECNOLOXÍA XEOGRAFÍA E HISTORIA	<b>Administrativa (oficina)</b> MARÍA AMPARO PARDO GAYOSO
<b>Vicedirectora</b> CRISTINA BRAVO FERNÁNDEZ			
<b>Xefa de estudos</b> M <sup>a</sup> ÁNGELES CALVO LOSADA			<b>Limpeza</b> ÁLVARO AMADO MANSO PILAR RAMIL FRAGA
<b>Secretario</b> MAIKEL HERNÁNDEZ CASTELLANOS			
	<b>Claustro de profesorado</b> LIDIA BECEIRO NÚÑEZ CRISTINA BRAVO FDEZ.	<b>CCP</b> CRISTINA BRAVO FERNÁNDEZ ROSA ANA CARNERO BERNAL HENRIQUE DACOSTA LÓPEZ MANUEL DOMÍNGUEZ FERRO MARÍA JOSÉ ESTRAVIZ LOURIDO	

	<p><b>MARÍA CALVO AMADO</b>  MARIÁN CALVO LOSADA  ROSA ANA CARNERO BERNAL  M<sup>ª</sup> DEL CARMEN CERVIÑO GÓMEZ  HENRIQUE DACOSTA LÓPEZ  <b>VICTORIA C. DIEHL NOGUEIRA</b>  <b>MANUEL H. DOMÍNGUEZ FERRO</b>  MARÍA ESTRAVIZ LOURIDO  <b>ENCINA FRA GÁLVEZ</b>  CLARA GOAS VARGAS  <b>MARÍA CONSUELO GUNDÍN REY</b>  MAIKEL HDEZ. CASTELLANOS  <b>SANDRA M, JUIZ RÍO</b>  <b>FÁTIMA LEIRA BELOSO</b>  MARÍA JOSÉ LÓPEZ LÓPEZ  MANUEL LÓPEZ PAZOS  MERCEDES MARTINEZ. SEIJO  PAULA MÉNDEZ PORTO  RODRIGO MONTES RDGUEZ  M<sup>ª</sup> VICTORIA MOSQUERA LÓPEZ  MARÍA J. RAMIL FERREIRO  MARCELA RÍOS GRUEIRO  LUIS RIVAS FERNÁNDEZ  <b>MANUEL RDGUEZ. LÓPEZ</b>  BERTA MARÍA RDGUEZ. PENA  ALFREDO JAVIER RDGUEZ. PÉREZ  J.J. RDGUEZ. PÉREZ  <b>ÓSCAR SÁNCHEZ MARTÍNEZ</b>  NATALIA SAN JOSÉ MANSO  BERTA MARÍA TEJEIRO COUCE  MACA TORRES RODRÍGUEZ  <b>MARÍA TERESA VÁZQUEZ CALVO</b>  M<sup>ª</sup> ADORACIÓN VILLAMOR CANELAS</p>	<p>ENCINA FRA GÁLVEZ  CLARA GOÁS VARGAS  SANDRA JUIZ RÍO  MARÍA JOSÉ LÓPEZ LÓPEZ  MERCEDES MARTINEZ SEIJO  PAULA MÉNDEZ PORTO  RODRIGO MONTES RODRÍGUEZ  VICTORIA MOSQUERA LÓPEZ  MARÍA J. RAMIL FERREIRO  LUIS RIVAS FERNÁNDEZ  MANUEL RDGUEZ. LÓPEZ  BERTA RDGUEZ. PENA  ALFREDO RDGUEZ. PÉREZ  NATALIA SAN JOSÉ MANSO  MACA TORRES RODRÍGUEZ</p> <p><b>Titorías</b>  PROFESORES DO CLAUSTRO EN GROSA</p> <p><b>Comisión Económica</b>  PERSOAL DO CONSELLO CON *</p> <p><b>Equipo dinamización lingüística</b>  MARÍA ESTRAVIZ LOURIDO  CRISTINA BRAVO FERNÁNDEZ  ALFREDO RODRÍGUEZ PÉREZ  MARCELA RÍOS GRUEIRO  ANTÓN LORENZO RÍO  CRISTOBAL BLANCO LÓPEZ</p> <p><b>Equipo da biblioteca</b>  HENRIQUE DACOSTA LÓPEZ</p> <p><b>Comisión Igualdade</b>  MARÍA ÁNGELES CALVO LOSADA</p>	
--	--	---	--

## 3.2. ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

### 3.2.1. Administración

A administración do centro depende do secretario, baixo a responsabilidade da dirección.

As funcións principais que inclúen son tres: oficina, conserxería e limpeza.

Para as funcións de administración (abarcando dende matriculación, certificados, correspondencia, rexistros de entrada e saída de documentos oficiais, etc.) cóntase cunha administrativa.

A conserxería empresta tamén un servizo de fotocopias.

### 3.2.2. Cafetería

Existe no centro unha cafetería que funciona en réxime de concesión, que se rexe polas directrices que se especifican na convocatoria pública.

### 3.2.3. Transporte escolar

A administración pública pon a disposición do alumnado da área de influencia do noso instituto un servizo de transporte escolar.

## 3.3. HORARIO XERAL DO CENTRO

O horario do centro réxese polas Ordes da Consellería en que se aproba o calendario escolar para o curso académico nos centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para a Educación Secundaria e o Bacharelato. Con todo, para o 2º curso de bacharelato a actividade lectiva ordinaria acabará de acordo coas datas previstas para as probas de aptitude para o acceso á universidade.

As clases desenvolveranse segundo o seguinte esquema:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30	8:30	8:30	8:30	8:30
14:10	15:00	14:10	15:00	14:10

Xornada continuada de 8:30 a 14:10 os luns, mércores e venres; e de 8:30 a 15:00 os martes e xoves, cun total de 6 ou 7 períodos lectivos de 50 minutos entres os que se intercalan 2 recreos.

Todas as ensinanzas teñen 32 períodos lectivos.

## 4. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

### 4.1. RECURSOS HUMANOS

O cadro de persoal docente está composto por 35 profesores divididos da seguinte forma:

<b>Funcionarios/as definitivos/as</b>	<b>Funcionarios/as expectativa</b>	<b>Funcionarios/as interinos/as</b>
31	2	2

O número de profesores/as asignado é suficiente para cubrir o horario das ensinanzas da ESO e BAC, aínda que en moitos casos é insuficiente para atender as gardas de corredor, da aula de convivencia e do patio.

O cadro de persoal non docente está composto por:

<b>Conserxes</b>	<b>Administrativa</b>	<b>Persoal de limpeza</b>
2	1	2

### 4.2. ORZAMENTOS

O instituto depende economicamente dos orzamentos asignados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Ademais, no marco legal de financiamento e autonomía de xestión dos centros educativos, o centro pode fixar medidas de autofinanciamento de acordo coas liñas establecidas polo Consello Escolar. En todo caso, calquera cantidade incorporada por medios alleos aos da consellería deben ser informados e autorizados.

En canto a asignación orzamentaria, a dirección debe velar porque o reparto orzamentario se faga de acordo con criterios obxectivos que garanten a suficiencia de recursos para que os departamentos leven adiante os seus obxectivos didácticos.

### 4.3. RECURSOS MATERIAIS

Os medios, na súa totalidade, son compartidos por todo o equipo docente na procura de atender axeitadamente as demandas educativas.

Independentemente de que o reparto orzamentario debe garantir que todos os departamentos dispoñan de efectivo para os seus orzamentos segundo os criterios e necesidades de cada materia, tamén é preciso garantir que eses medios estean en situación de seren utilizados polos demais. Nese sentido o PEC incide nesta cuestión, de tal xeito que sexa universalmente aceptado.

Noutra orde de cousas, e dado que é a administración a que debe dotar dos medios inventariables para uso dos institutos, dende as direccións, en particular, e desde todos os estamentos educativos en xeral, deben reclamarse tanto a dotación precisa como a reposición do material que, por uso ou polo paso do tempo, quede inservíbel ou obsoleto para acadar os obxectivos programados.

## 5. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS

O obxectivo básico do noso centro é o exercicio da educación entendida esta como un proceso de maduración persoal e colectiva, que estimule o interese polo estudo e fomenta o espírito de superación, a adquisición de hábitos e técnicas de traballo, que favoreza a integración, a cooperación social e a realización individual tanto intelectual como laboralmente ao noso alumnado.

### 5.1. DOCENCIA

No IES Canido ofrécense as ensinanzas de Réxime Ordinario: de ESO, de Bacharelato.

**ESO:** os catro cursos de Educación Secundaria Obrigatoria, con dúas liñas por curso. Sempre que o permitan os espazos dispoñíbeis e a carga horaria do profesorado, realizaranse desdobres para facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

**BACHARELATO:** ofértanse as modalidades de Bacharelato de Ciencias, Humanidades e CC Sociais, cunha oferta ampla e flexíbel de optativas, con 2 liñas en cada nivel.

### 5.2. OBXECTIVOS DE DOCENCIA

#### 5.2.1. A conseguir no alumnado:

- Unha ensinanza aconfesional que promova valores coma a solidariedade e a non discriminación.
- O estímulo do espírito crítico no colectivo estudantil, educando persoas tolerantes e con maior amplitude de miras.
- A defensa da educación na liberdade, no pluralismo e na convivencia, respectando as diferenzas entre os pobos e os individuos, evitando calquera tipo de discriminación.
- O fomento do interese pola aprendizaxe, creando as condicións e ambientes nos que o noso alumnado se vexa motivado para investigar, indagar e aprender.
- O coñecemento, respecto e colaboración co entorno natural.
- A integración do instituto no noso entorno social, económico e cultural, favorecendo a incorporación e inserción activa dos alumnos/as no mesmo.
- A transmisión de coñecementos para tentar conseguir que o alumnado teña unha actitude aberta e receptiva aos cambios que o progreso e a técnica nos aportan.
- Notamos un uso desigual do castelán con relación ao galego polo que se potenciará o uso deste último para o que tenderemos a:
  - Desenvolver o maior número posíbel de aprendizaxes das materias en galego, dentro do marco que estableceza a lexislación.
  - Propor un maior número de actividades extraescolares para o coñecemento da nosa cultura.
  - Crear un entorno propicio, favorecedor da comunicación na nosa lingua.



- Fomento da multiculturalidade, valorando o coñecemento doutras rexións, países e as súas culturas.
- Inquedanza pola investigación nos distintos eidos do saber.
- Capacitación para a incorporación ao mundo laboral.
- Un tratamento axeitado da diversidade, potenciando a aprendizaxe do alumnado en función das súas capacidades.
- Potenciación dos intercambios culturais con alumnado doutras latitudes.

### **5.2.2. A conseguir no profesorado:**

- Fomentar o traballo en equipo e o seu protagonismo social, así como a súa promoción científica.
- Crear un ambiente de traballo grato, tanto no aspecto humano, na procura da colaboración profesional.

### **5.2.3. A conseguir no persoal non docente:**

- Fomentar o traballo en equipo e o seu protagonismo social no propio centro.
- Crear un ambiente de traballo grato e colaborativo.

## **5.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN, MATRÍCULAS DE HONRA**

### **5.3.1. Criterios de promoción na ESO**

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

6. Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade ao que se refire o artigo 4.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### **5.3.2. Criterios de titulación na ESO**

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa e tendo en conta os criterios de titulación.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.
- d) Que as materias suspensas non superen as 10 horas lectivas semanais.

### 5.3.3. Matrícula de honra na ESO

- **Criterios xerais:** poderase conceder a matrícula de honra ao 5% do alumnado ou fracción resultante superior a 15 do conxunto do alumnado matriculado no 4º curso sempre que “na avaliación ordinaria do mes de xuño obtivese unha nota media da etapa igual ou superior a 9”. (Artº 13º da Res.20/7/2017)
- **Criterios prioritarios:** en caso de que o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra fora superior á porcentaxe citada concederíase a matrícula de acordo cos seguintes criterios prioritarios:
  - (1) Maior nota media no expediente académico da ESO.
  - (2) Maior número de materias na ESO con cualificación de 10.
  - (3) Maior nota media no 4º curso da ESO.
  - (4) Maior número de materias no 4º curso da ESO con cualificación de 10.
  - (5) Sorteo público.

### 5.3.4. Criterios de promoción no bacharelato

Promocionarán a 2º de BAC:

- O alumnado que consiga avaliación positiva en todas as materias cursadas.
- O alumnado con avaliación negativa nunha ou dúas materias.
- O alumnado que conseguise a promoción a 2º curso con materias avaliadas negativamente deberá cursalas ao longo do curso. A Dirección e as Xefaturas de Departamento correspondentes organizarán as actividades de recuperación e avaliación das materias pendentes.

### 5.3.5. Criterios de titulación no Bacharelato

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

Poderase permanecer escolarizado en Bacharelato durante catro cursos académicos.

### **5.3.6. Matrícula de Honra en 2º de BAC**

- Directrices xerais: poderase conceder a matrícula de honra a un número de alumnos/as non superior ao 5% do total do alumnado de 2º curso do bacharelato sempre que “obtivesen no 2º curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos. (Artº 10º da Orde do 5/5/2011).
- Criterios prioritarios: en caso de que o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra fora superior á porcentaxe citada anteriormente, concederíase a matrícula de acordo cos seguintes criterios prioritarios:
  - (1) Maior nota media no 2º curso de BAC.
  - (2) Maior nota media ponderada en porcentaxe de carga horaria das materias do 2º curso de BAC.
  - (3) Maior número de materias no 2º curso de BAC con cualificación de 10.
  - (4) Maior nota media no Bacharelato.
  - (5) Sorteo público.

## **5.4. SECCIÓNS BILINGÜES**

### **5.4.1. Seccións bilingües: Inglés**

O ensino bilingüe é unha aprendizaxe de contidos de determinadas materias curriculares dunha forma parcial en lingua estranxeira, neste caso en inglés.

A lingua estranxeira é a clave para acceder a un maior coñecemento. A importancia non está unicamente na lingua en si mesma senón na capacidade de transmitir e comunicar coñecemento.

Os obxectivos máis importantes deste ensino bilingüe son:

- Na lingua: mellora da competencia lingüística dos alumnos/as.
- Na cultura: contacto con outras culturas e realidades para despertar o seu interese.
- No coñecemento: aumento das capacidades xerais de aprendizaxe a través do ensino e aprendizaxe de idiomas.

Como consecuencia de todo isto, a formación do alumnado é máis interdisciplinar, dinámica e transversal.

Dentro do traballo por competencias, a Competencia Lingüística ocupa un lugar destacado na sección bilingüe, pero non podemos esquecer as outras competencias como o tratamento da información, competencia dixital, aprender a aprender, e a autonomía e iniciativa persoal.

Con respecto á avaliación:

- Na área lingüística terase en conta as recomendacións recollidas no Marco Común de Referencia para a aprendizaxe.
- No avaliación primarán os contidos propios da materia. A utilización da lingua sempre contará positivamente, como un valor engadido e nunca se penalizará o nivel de dominio da lingua inapropiado ou insuficiente.

As vantaxes fundamentais para o alumnado son:

- Presenza do auxiliar de conversa que colabora activamente nas clases bilingües para potenciar as destrezas orais do alumno.
- Certificación oficial da súa participación na Sección Bilingüe.

No IES Canido estanse a desenvolver unha sección Bilingüe en tecnoloxía en 2º da ESO.

### **Criterios de acceso ás seccións bilingües no IES Canido**

Tras as distintas observacións do profesorado implicado nas seccións bilingües tómanse as seguintes decisións:

- O límite máximo de alumnos admitidos para cursar as materias CLIL nas seccións bilingües en 2º ESO e 3º ESO será de 20, excepto incorporacións doutros centros que xa tiveran participado nunha sección bilingüe (máximo 3).
- Se o número de solicitudes para incorporarse ás seccións bilingües superase a anterior cantidade, as solicitudes ordenaranse atendendo á maior nota media global obtida no curso anterior, calculada con dúas cifras decimais (para obtela usarase o procedemento de redondeo).
- Os empates na nota media global dirimiranse do seguinte xeito:
  - Maior nota na materia de Lingua Inglesa no curso anterior.
  - Maior nota media das materias CLIL do curso anterior (se as cursou).
  - Sorteio na secretaría do centro.

As listaxes definitivas de admitidos son publicadas en setembro.

### **5.4.2. Intercambios e programas educativos europeos**

Os intercambios escolares son altamente beneficiosos para a formación integral do noso alumnado.

Os Programas Educativos Europeos teñen como finalidade mellorar os centros e institucións relacionados coa educación e a formación das persoas que os integran mediante intercambios, proxectos de cooperación e mobilidade do persoal educativo entre os países europeos participantes.

O IES Canido ten a intención de participar en intercambios e en Proxectos Educativos Europeos promovendo a participación de todos os membros que forman parte da comunidade educativa: profesorado, alumnado, pais e nais, e persoal non docente.

Para o centro como institución educativa, os Proxectos Europeos supoñen un modo de internacionalizalo, é dicir, de abrilo a outros centros e institucións europeas, permitindo coñecer sistemas educativos diferentes, reflexionar e avaliar o noso propio sistema, e producir cambios que favorezan a imaxe do centro dentro do noso ámbito.

Participar en Proxectos Educativos Europeos e intercambios permítenos ofrecer aos pais e nais do noso alumnado unha imaxe activa, dinámica, aberta, que se prolonga máis alá do noso ámbito escolar e que posibilita o intercambio de experiencias dun xeito altamente enriquecedor.

Con respecto ao profesorado, participar en intercambios e Proxectos Europeos leva consigo a reflexión do proceso de ensino-aprendizaxe, permitindo comparar o funcionamento da súa materia noutros centros similares doutras latitudes. Ademais facilita a mobilidade do profesorado, promovendo o intercambio de ideas e experiencias que enriquecen o desenvolvemento profesional e persoal dos participantes.

## **5.5. ORIENTACIÓN**

O actual sistema educativo considera a orientación educativa e profesional como un elemento básico para axudar os alumnos e alumnas no seu desenvolvemento integral como persoas e para facilitarlle a toma responsábel de decisións sobre o seu camiño formativo e o seu futuro laboral.

A orientación educativa e profesional consiste nos apoios que, de forma sistemática e organizada, recibe a comunidade educativa durante o proceso educativo de todo os alumnos e alumnas desde o seu inicio na educación infantil ata o remate dos estudos non universitarios.

A orientación educativa e profesional é fundamental para o desenvolvemento adecuado do proceso educativo do alumnado e para aprender a transitar cara ao mundo laboral. Isto último consiste en traballar cos alumnos e alumnas axudándolles a acadar a maior concordancia posíbel entre os seus intereses, capacidades e expectativas, e as características e saídas profesionais dos distintos itinerarios formativos que ofrece o sistema educativo.

A orientación educativa e profesional deberá desenvolverse nos 3 niveis que estrutura organización escolar:

- Acción titorial na aula.
- Departamento de orientación.
- Equipo de orientación específico

Todo isto baixo unha formulación sistémica de intervención, é dicir, orientación como proceso e responsabilidade compartida polo equipo docente, coordinada polo titor, supervisada pola xefatura de estudos e asistida polo orientador e máis polos servizos externos de apoio.

É, pois, unha tarefa cooperativa, competencia de todo o profesorado, especialmente dos titores e apoiada polo departamento de orientación.

A orientación, polo tanto, deberá realizarse como unha parte integrante do proceso educativo e formativo dos alumnos e alumnas que posibilite na maior medida a súa autorrealización, xuntando, por unha banda, as capacidades, actitudes, intereses e valores da persoa e, por outra, as esixencias derivadas das opcións que ofrece o mundo laboral.

Orientar é educar para a vida e educar na capacidade para tomar decisións.

### **¿Como orientar a todo o alumnado do centro?**

Non todos os alumnos necesitan ser atendidos directamente polo orientador senón que esta atención conséguese a través do plan de acción titorial (PAT). É dicir, o profesorado titor é o responsábel de levar a cabo este plan proposto polo departamento de orientación, mentres que ao orientador correspóndelle coordinalo, realizar o seu seguimento, e facilitar materiais de apoio para traballar na hora semanal de tutoría.

O orientador intervén directamente co alumnado sempre que sexa necesario e, especialmente, cando se deben valorar aspectos psicopedagóxicos para deseñar e darlle a un alumno determinado unha atención máis individualizada, como no caso do alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) ao que lle debe facer unha avaliación psicopedagóxica se non se lle fixo no centro de educación primaria para decidir as medidas de adaptación curricular que precisa.

### **Destinatarios**

A orientación educativa e profesional vai dirixida a toda a comunidade educativa:

- Aos alumnos e alumnas, no seu proceso educativo, para melloralo ou para axudarlles a superar dificultades, e desenvolvan adecuadamente tódalas capacidades (relacionarse cos demais e co seu entorno, coñecerse a si mesmos, ser autónomo para aprender...) e que, ademais, reciban unha formación que lles permita tomar decisións á hora de establecer o seu propio itinerario formativo dentro das diferentes opcións.
- Ao profesorado, para prestarlle apoio e asesoramento nas funcións de orientación que ten que desenvolver, sobre todo mediante a acción titorial, e noutras posíbeis necesidades e demandas puntuais.
- Ás familias, que teñen o dereito de recibir información e orientación para colaborar no proceso educativo dos seus fillos e fillas, non só en aspectos escolares puntuais, senón tamén para o seu desenvolvemento persoal e sobre o futuro que máis convén conforme ás súas capacidades, intereses e motivacións.

### **5.5.1. Plan de Acción Titorial**

#### *5.5.1.1. Introducción*

O Plan de Acción Titorial é o marco no que se especifican os criterios para a organización e as liñas prioritarias fundamentais da acción titorial.

A titoría (e a orientación) teñen como fins fundamentais:

- Favorecer a educación integral do alumno como persoa.
- Potenciar unha educación o máis personalizada posible e que teña en conta as necesidades de cada alumno.
- Manter a cooperación educativa coas familias.

Para avanzar na consecución destes fins contamos con ferramentas como:

- O traballo do profesor titor.
- A actuación coordinada do equipo de profesores.
- O apoio do Departamento de Orientación.
- A función orientadora de cada un dos profesores.
- A cooperación dos país/nais

As funcións dos profesores-titores aparecen reguladas no Decreto 324/1996 do 26 de xullo.

#### 5.5.1.2. *Liñas xerais de actuación*

1. Realizar actividades para a mellora da capacidade de aprender a pensar dos alumnos.
2. Emprender acción que propicien una boa convivencia no centro.
3. Contribuír a que os alumnos melloren a súa capacidade de adaptación escolar e social.
4. Inicialos na toma de decisión profesionais.

#### 5.5.1.3. *Obxectivos do plan*

1. Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos, mediante oportunas adaptacións curriculares e metodolóxicas.
2. Favorecer os procesos de madurez persoal, desenrolo la propia identidade e sistema de valores.
3. Previr as dificultades de aprendizaxe, anticipándose a elas e evidenciando no posible o abandono, o fracaso e inadaptación escolar.
4. Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa.

#### 5.5.1.4. *Contidos – Actividades*

As actividades que o PAT pretende levar a cabo son as seguintes:

#### **A.- Referidas aos alumnos:**



**A.1.- Realización da exploración e diagnóstico inicial dos alumnos:**

- Coñecer a situación de alumno no grupo, no centro e no entorno familiar e social, e realizar a intervención que sexa necesaria para favorecer a integración escolar e social.
- Coñecer as características do grupo titorizado a través da información recibida dos titores de cursos anteriores con rexistros de alumnos coma percepción dos docentes e titores. É importante coñecer a dinámica interna do grupo e intervir, se fose necesario, para recompoñela.
- A observación sistemática sería de gran utilidade para obter información sobre o nivel de cohesión do grupo, os líderes, subgrupos, alumnos illados o rexeitados,....
- Axudar a identificar os factores persoais que contribúen á desmotivación.
- Afondar en procedementos que favorezan a motivación por aprender.

**A.2.- Avaliación das dificultades e trastornos de aprendizaxe dos alumnos**

- Analizar nas titorías os casos de estudantes con serias anomalías de rendemento escolar, especialmente nas áreas de lingua e matemáticas.
- Organizar actividades de recuperación coa participación dos departamentos didácticos para a preparación de material individualizado.

**A.3.- Habilidades e métodos de estudio e aprendizaxe**

- Axudar aos alumnos a que adquiran métodos axeitados para o estudio a través de material específico.

**A.4 – Programa de intelixencia emocional**

Habilidade para xestionar as nosas emocións e relacionarnos optimamente co noso contorno, o que vai axudar a favorecer a convivencia no centro.

E inclúe dous tipos de intelixencia: a intrapersoal (autocoñecemento, autorregulación ou control de si mesmo, automotivación) e unha intelixencia interpersonal (empatía, habilidades sociais).

**A.5- Actividades de orientación académica e profesional**

- Facilitar ao estudante, a partir do seu ingreso na Educación Secundaria, a información necesaria sobre as opcións académicas no que se refire a:
  - Optatividade e opcións na ESO.
  - Materias troncais, específicas e de libre configuración ESO e Bacharelato.
  - Itinerarios en 4º ESO.
  - Modalidades de Bacharelato.
  - Coñecemento dos diferentes ciclos de Formación Profesional medio e superior.
  - Saídas universitarias.
  - Formación profesional básica.

- Criterios de promoción e titulación.

**Corresponde ao titor:**

- Analizar cos alumnos as vantaxes e inconvenientes das opción e itinerarios.
- Colaborar co Departamento de Orientación e cos demais profesores para facilitar aos alumnos dos últimos ciclos contactos e experiencias directas co mundo do traballo, coñecemento doutras opción e centros educativos.
- Afondar no coñecemento das aptitudes, intereses e motivacións de cada alumno co obxecto de axudarlles na toma de decisión sobre o seu futuro educativo e profesional.

**B.- En relación cos Titores:**

- Participar no PAT programado para o curso en colaboración cos demais titores e o Departamento de Orientación, tratando de precisar o modo de traballo e implicación dos distintos profesores.
- Recoller datos e informar aos pais dos alumnos e o Departamento de Orientación, solicitando as intervencións necesarias.
- Colaborar estreitamente con Departamento de Orientación nas tarefas vinculadas coa tutoría.
- En coordinación coa Xefatura de Estudos, realizaranse reunión entre dita Xefatura, Titores e Departamento de Orientación.

*5.5.1.5. Temporalización do PAT***1ª FASE: MOTIVACIÓN, INFORMACIÓN E RECOLLIDA INICIAL DE DATOS.  
PRIMEIRO TRIMESTRE**

- Recoller información dos centros de procedencia dos alumnos.
- Programa de acollida para os noves alumnos, en especial de 1ºESO.
- Realización dunha avaliación inicial.
- Cumprimento do rexistro alumno.
- Asesoramento aos alumnos na eleccións dos seus representantes.
- Detección e avaliación psicopedagóxica dos alumnos con N.E.E.
- Reunión cos titores e Departamento de Orientación para comenar as adaptacións curriculares significativas e non significativas que foran necesarias.
- Tratamento de motivación para o estudio no primeiro da E.S.O.
- Tratamento de organización e planificación do tempo de estudio no segundo, terceiro e cuarto da E.S.O.
- Primeira preavaliación, recollida de datos relevantes.
- Información aos alumnos e familias dos resultados da preavaliación.

**2ª FASE: SEGUNDO TRIMESTRE**

- Proseguir coa colaboración e seguimento das adaptacións realizadas.
- Información aos alumnos sobre habilidades de estudio e presentación de modelos de técnicas de estudo.
- Integrar os contidos nas diferentes materias do currículo.
- Asesoramento para elección de estudos.
- Busca de información sobre temas académicos profesionais, profesións, graos...
- Actividades de orientación académico e profesional para os alumnos/as.
- Segunda preavaliación , recollida de datos relevantes.
- Información aos alumnos e familias dos resultados da preavaliación.
- Exploración e proposta de actividades de intervención (en colaboración co Departamento de Orientación) dirixidas aos alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- Actividades individuais e grupais sobre asesoramento académico profesional.

**3ª FASE: TERCEIRO TRIMESTRE**

- Actividades informativas sobre as oportunidades de estudio e emprego.
- Continuación do programa de actividades de orientación académica e profesional.
- Terceira preavaliación.
- Información ós alumnos e familias do resultado.
- Deseño dun informe final sobre a evolución do alumnos.
- Elaboración das actividades de recuperación, (en colaboración cos distintos profesores) para os alumnos con avaliación negativa.

**A nivel aula**

Actividades	ESO - curso	Temporalización por trimestre
Plan de acollida	1º	Primeiro trimestre 1º ESO Terceiro trimestre 6º primaria
Elección de delegado	1º-2º-3º-4º	1
Normas de convivencia	1º-2º-3º-4º	1-2-3
Técnicas e hábitos de estudio	1º-2º-3º-4º	1-2-3
Orientación académica e profesional	1º-2º-3º-4º	1-2-3
Programa intelixencia emocional	1º-2º-3º-4º	2
Educación socio-afectiva	3º	3

**Primeiro e segundo curso de bacharelato:**

1. Orientar al alumno sobre sus posibilidades académicas y profesionais.
2. Realizar o seguimento de los alumnos con materias pendentes apoiando las medidas de recuperación.
3. Detección y tratamento más personalizado de las dificultades en el estudio.

**A nivel centro: Actividades extraescolares e complementarias.**

1. Proxecto lector, recreos literarios, Olimpíada cultural, Olimpíada do saber.
2. Charlas e conferencias impartidas por diferentes entidades para o alumando ESO e Bacharelato.

**5.5.1.6. Observatorio e plan de convivencia escolar**

Tras a publicación do Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa e en cumprimento do dito Decreto, este Departamento, e como accións prioritarias referidas a convivencia no centro educativo, realizará en concreto as seguintes:

- Colaborar na recollida e análise de datos que poñan de manifesto a realidade do centro no que se refire á convivencia, de tal xeito que sirva como punto de partida para a elaboración do plan e demais actuacións.
- Colaborar na dinamización do centro no que se refira á experimentación e innovación de proxectos relacionados coa convivencia e a educación en valores en xeral.
- Asesorar ao profesor titor, dando respostas ás súas demandas e necesidades.

- Prestar apoio e materiais específicos para desenvolver as liñas de traballo referidas á convivencia.

## **5.6. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DE ALUMNADO CON NEAE**

### **5.6.1. Identificación e valoración das necesidades**

A detección e valoración das necesidades realizarase mediante as seguintes actuacións:

Sesión de preavaliación, avaliación inicial e avaliación.

A partir das diferentes avaliacións ao longo do curso obterase unha serie de datos, e en función deles, axustarase a resposta educativa.

Segundo consta no plan de actuación do departamento de orientación, no proceso ensino-aprendizaxe, o profesorado titor realizará unha demanda de intervención onde se concretarán as dificultades do alumno nun cuestionario a tal efecto.

A valoración psicopedagóxica estará encamiñada a articular as medidas pedagóxicas oportunas.

No IES Canido entre o alumnado atopamos:

- Alumnado con TEA (nivel 1).
- Alumnado con parálise cerebral/discapacidade intelectual.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Alumnado con dificultades en matemáticas.
- Alumnado con dificultades de lectoescritura compatibles con dislexia.
- Alumnado con trastorno da linguaxe.
- Alumnado con TDAH.
- Alumnado con desfase curricular.
- Alumnado con desvantaxe socioeducativa.
- Alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo español.
- Alumnado con altas capacidades.
- Alumnado con discapacidade visual
- Alumnado con discapacidade motora.

### 5.6.2. Determinación dos obxectivos

- Servir de referente para que o centro poida concretar respostas educativas adecuadas a cada alumno.
- Establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén co alumnado con necesidades educativas.
- Proporcionar asesoramento sobre as MAD á comunidade educativa.
- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal, social.
- Adaptar dita resposta educativa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativos.
- Favorecer no alumnado o desenvolvemento das técnicas instrumentais básicas.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, metodoloxía e avaliación.
- Fomentar a participación dos pais e nais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Fomentar a coordinación con institucións e organismos externos ao centro
- Ofrecer asesoramento pedagóxico aos docentes para axudar a súa práctica educativa telemática na atención á diversidade.
- Velar polo benestar emocional do alumnado con NEAE e as súas familias, así como de toda a comunidade educativa.

### 5.6.3. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade

Medidas ordinarias	Medidas extraordinarias
<p>Considéranse como MAD ordinarias, todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, tales como:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>❖ Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.</li> <li>❖ Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.</li> <li>❖ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.</li> <li>❖ Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.</li> <li>❖ Aulas de atención educativa e convivencia, medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.</li> <li>❖ Desdobramentos de grupos.</li> <li>❖ Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.</li> <li>❖ Programas de enriquecemento curricular.</li> <li>❖ Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.</li> <li>❖ Programas de recuperación.</li> <li>❖ Programas específicos</li> </ul>	<p>Considéranse como MAD extraordinarias, todas aquelas que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Estas medidas aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario. Para a aplicación destas medidas será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación. Poden ser:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptacións curriculares(ACS)</li> <li>• Agrupamentos flexibles (neste curso non se ofertan).</li> <li>• Apoio do profesorado especialista: PT e/o AL</li> <li>• Flexibilización da duración do período de escolarización.</li> <li>• Programas Mellora do Aprendizaxe e do Rendemento/ Programas de Diversificación Curricular (neste curso non se ofertan).</li> <li>• Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.</li> <li>• Grupos de adquisición de linguas.</li> <li>• Grupos de adaptación da competencia curricular.</li> <li>• Programas Formativos Básicos (neste curso non se ofertan).</li> </ul>

Medidas ordinarias	Medidas extraordinarias
personalizados. ❖ Programas de habilidades sociais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas aquelas que a consellería de educación estableza así como o procedemento para a súa autorización.</li> </ul>

Tendo en conta esta clasificación podemos determinar as seguintes medidas de atención á diversidade aplicadas no IES de Canido durante o presente curso escolar 2022-2023.

Ditas medidas son susceptibles de modificación ao longo do curso.

#### 5.6.3.1. Medidas extraordinarias

Medidas de atención á diversidade:	1º Curso ESO Grupos A,B Nº Alumnado	2º Curso ESO Grupos A,B Nº Alumnado	3º Curso ESO Grupos A,B Nº Alumnado	4º Curso ESO Grupos A,B Nº Alumnado
Exención da 2ª lingua estranxeira	6 (pendentes de propoñer novos candidatos)	9		
Reforzos educativos (Apoio PT)	3	4	2	2
ACS	3	2	0	0

#### 5.6.3.2. Medidas ordinarias

Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado

- A organización do centro para este curso tivo en conta as particularidades do alumnado, prestando atención as posibles compatibilidades e incompatibilidades entre alumnos en canto á convivencia. As decisións están baseadas na información proporcionada polos centros de educación primaria, no caso dos alumnos de primeiro curso e a información do ano anterior no caso dos alumnos de segundo curso. Nos demais cursos da ESO a distribución do alumnado faise en función, fundamentalmente das materias elixidas. No Bacharelato a adscrición do alumnado aos distintos grupos está en función da modalidade elixida e das materias de modalidade e optativas nas que se matriculan.

#### Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación

- Incrementar o tempo de realización das probas escritas.
- Fragmentar os exames
- Realizar exames orais



- Rexistros do traballo diario
- Adaptar o exame en función das necesidades detectadas (estrutura do exame, preguntas curtas, tipo test, de relación, aumentar o tamaño da letra, tipo de papel...)
- Maior tamaño de letra e de papel para alumno con dificultades visual grave.

Dirixido de forma prioritaria ao alumnado da ESO e bacharelato que presenta TDAH, dificultades específicas de aprendizaxe (con dificultades en lingua, en matemáticas...), trastorno da linguaxe e TEA...

O responsable é o profesorado de materia coa colaboración do departamento de orientación, naquelas materias que se imparten na aula ordinaria.

#### Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado

- Nas programacións das distintas materias contéplase a atención ao alumnado con necesidades educativas específicas ou necesidades de outra índole, derivadas de circunstancias de carácter persoal ou psicosocial.

#### Aula de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia

- A aula de Convivencia é un espazo de reflexión para o alumno/a que non ten un comportamento adecuado na aula xunto ao profesor/a e os seus compañeiros/as. É atendido polo profesorado de garda e no caso de que o alumnado acuda en varias ocasións a esta aula recibirá axuda por parte do departamento de orientación mediante un programa de intelixencia emocional para favorecer a súa competencia social.

#### Desdobramentos de grupos

- Neste curso se levan a cabo nos cursos 1º e 2º de ESO.

#### Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas

- No curso 20232-2024 hai 6 alumnos/as de primeiro (polo momento, xa que estamos pendentes de facer unha reunión para facer novas propostas) e 9 de segundo da ESO que están exentos da segunda lingua estranxeira. Este alumnado recibe reforzo en lingua castelá e matemáticas dúas horas á semana coa finalidade de asegurar a adquisición das competencias básicas das materias instrumentais. Este reforzo faino profesorado do ámbito lingüístico (Lingua Castelá) e ámbito científico (Matemáticas).

#### Programa de recuperación das materias pendentes

- Medida de reforzo educativo destinada a recuperar as aprendizaxes non adquiridas de niveis anteriores.

O centro ten organizado un programa de seguimento a este alumnado a través do seguimento realizado polos profesores en colaboración cos xefes dos departamentos didácticos que elaboran boletíns con exercicios de recuperación e realizan exames parciais /finais.

### Programa de habilidades sociais

- Actividades para desenvolver na hora de tutoría e nas diferentes materias do currículo.

#### **5.6.4. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas**

A priorización de alumnado a atender rexeráse polos seguintes criterios:

1. Priorizar as intervencións de casos de maior necesidade
2. Novo alumnado ao que se lle detecten NEAE. Priorizaranse os cursos mais baixos
3. O alumnado que presente desfase curricular significativo e teña unha ACI, poderá ser apoiado polo profesorado de P.T. dentro da aula ou fóra dela dun xeito individual ou en pequeno grupo.
4. Aquel alumnado que presenta desfase curricular e se considera que coa atención personalizada do profesor tutor dentro do grupo non vai lograr progresar adecuadamente. Este reforzo poderá ser transitorio si o alumno supera as súas dificultades.

#### **5.6.5. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas desempeñadas para o centro**

Adecuaranse as necesidades do alumnado, priorizando o apoio nas materias instrumentais (lingua galega, lingua castelá e matemáticas) e o desenvolvemento social, persoal cos alumno/as que ten necesidades específicas de apoio escolar.

#### **5.6.6. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición**

Levaranse a cabo mediante as reunións previamente establecidas:

- Do departamento de orientación.
- Das reunións de tutores.
- Da CCP.
- Reunión coa xefa do departamento de orientación dos centros de primaria adscritos así como traspaso da información de centros de primaria e secundaria non adscritos que teñen alumnado que ven ao noso centro a cursar a etapa de educación secundaria e bacharelato.

#### **5.6.7. Canles de colaboración coas familias ou tutores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro**

Estableceranse por medio da atención nas horas establecidas por parte do profesorado das distintas materias, do profesorado-tutor e dos membros do Departamento de Orientación.

Tamén se levarán a cabo outro tipo de actuacións relacionadas coa coordinación e colaboración con outras entidades externas ao centro, tales como:

- ❖ Concello de Ferrol
- ❖ Centro menores de Ferrol
- ❖ CEE Aspanaes
- ❖ ASPANEPS
- ❖ Unidade de Saúde Mental do Sergas (Ferrol)
- ❖ ONCE
- ❖ Servizos sociais

#### **5.6.8. Protocolos para a solicitude e autorización das medidas extraordinarias**

Para a solicitude de MAD extraordinarias segúírase o procedemento establecido pola consellería de educación.

### **5.6.9. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan**

Teremos en conta os seguintes indicadores:

- Adecuación das estratexias e instrumentos utilizados na detección de necesidades.
- Nivel de participación da comunidade educativa na avaliación de necesidades.
- Grao de adecuación do plan ás necesidades detectadas.
- Grao de eficacia na identificación das necesidades reais.
- Análise dos resultados das avaliacións inicial, ordinaria e extraordinaria.
- Grao de satisfacción dos implicados (alumnos/as, profesores/as e familias)

O seguimento, avaliación e mellora do Plan será responsabilidade do Departamento de Orientación.

A final de curso, o Departamento de Orientación realizará unha memoria, redactada pola xefa de departamento na que se recollerán:

As modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan na realidade educativa.

A Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.

Conclusións e propostas concretas de mellora.

### **5.7. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO**

A oportunidade de ofrecer ao alumnado unha formación plural en canto ao ensino das linguas e un coñecemento de distintas culturas reforzando a propia, constitúe o punto de partida da planificación lingüística do IES Canido.

Este proxecto lingüístico englobará todas as iniciativas, traballos e proxectos do centro relativos á pluralidade lingüística.

O feito de termos na nosa comunidade dúas linguas supón unha vantaxe para o alumnado de cara á súa vida e futuro laboral e social. A necesidade de coñecer a propia lingua e potenciar o seu uso faise evidente na sociedade actual e no contexto sociolingüístico do centro e da nosa cidade.

Os proxectos desenvolvidos con estas ideas pretenden que o alumnado estea preparado para achegarse á aprendizaxe de novas linguas con menor esforzo e maior motivación. Sempre usaremos como referencia o marco normativo, en concreto a Lei de normalización lingüística de 1993, o Plan Xeral de normalización da lingua galega de 2004, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, a Instrución para a aplicación deste último tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o mesmo; ademais das Ordes que regulan as Seccións Bilingües.

Non perderemos de vista os obxectivos dos currículos educativos referidos ao dominio da lingua galega e castelá e unha ou máis estranxeiras, apoiando o traballo curricular das materias de linguas.

Dentro da idea de fomentar a pluralidade lingüística valorarase a posibilidade de participar en programas europeos.

### **5.7.1. Obxectivos**

- Velar polo cumprimento da normativa legal e en especial aquela que fai referencia á aprendizaxe e potenciación das linguas.
- Proporcionar ao alumnado unha educación de calidade que contemple a pluralidade lingüística.
- Erradicar contidos e comportamentos discriminatorios de cara ás linguas e a pluralidade lingüística.
- Conseguir a participación activa do profesorado do centro nas actividades de dinamización das linguas.
- Conseguir a implicación de todos na mellora da linguaxe empregada polo alumnado.
- Potenciar a relación con outros centros, tanto a nivel de realización de actividades conxuntas como de relación entre profesorado para facilitar a transmisión de ideas e a innovación educativa.
- Lograr relacións de colaboración coas institucións e asociacións para xerar situacións e actividades que potencien o intercambio lingüístico.
- Potenciar o uso da lingua galega en todos os sectores da comunidade educativa.
- Impulsar o uso de diferentes linguas nas actividades do centro.
- Reforzar o sentimento da lingua galega como propia.
- Procurar a colaboración e participación das familias para concienciar o alumnado sobre os beneficios da aprendizaxe de diferentes linguas.

### **5.7.2. Liñas de actuación**

As características fundamentais das propostas de actuación que se pretenden levar a cabo concréntanse nos puntos seguintes:

#### *5.7.2.1. A sección bilingüe de inglés e auxiliar de conversa*

Unha sección bilingüe é a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato ou dun módulo de Formación Profesional específico, que se cursa cun grupo de alumnos nunha lingua estranxeira da Unión Europea como vehículo de comunicación na área, materia ou módulo no que se aplique.

O IES Canido conta coa sección bilingüe en lingua inglesa na materia de tecnoloxía, constituíndo a súa presenza un importante activo que fai que este centro sexa o elixido

por moitas familias da nosa área de influencia e de fóra dela no momento de efectuar a matrícula escolar das súas fillos/as.

Grazas ao compromiso dos profesionais docentes que apostaron decididamente pola súa creación neste IES nos inicios deste programa de innovación educativa e co esforzo de todos os demais profesionais que en maior ou menor medida traballaron nel ao longo de todos estes anos ou o están a facer na actualidade, determinado alumnado que se forma no noso centro ten a posibilidade de reforzar a súa competencia comunicativa na lingua inglesa co seu uso como vehículo de comunicación na aula no día a día na materia xa referida de Tecnoloxía.

O reto dos profesionais educativos deste centro ven sendo facilitar ao alumnado as competencias necesarias para que poida atopar as mellores oportunidades presentes e futuras nun mundo en constante transformación neste século XXI.

Polo que respecta ao profesorado implicado na sección bilingüe, o obxectivo último é - sempre en coordinación co traballo específico que fai ou profesorado que imparte a materia de lingua inglesa - lograr que o alumnado participante no programa teña unha competencia comunicativa ao remate da súa formación nas nosas aulas que lle permita desenvolverse en lingua inglesa como un usuario independente, en base ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, abríndolle así ou camiño para que poida continuar, se así ou desexa, profundando no estudo e na mellora da competencia comunicativa no inglés e facilitándolle a posibilidade futura de poder optar a un mundo laboral cada vez máis esixente, competitivo e global con garantías de éxito.

Para o óptimo desenvolvemento da sección bilingüe cóntase neste programa coa incorporación de persoal auxiliar de conversa procedente de países de fala inglesa (Reino Unido, Irlanda, Estados Unidos ou Canadá), estudantes universitarios de castelán ou acabados de licenciarse que teñen como función apoiar o profesorado do programa no obxectivo de mellorar a competencia comunicativa do alumnado no que respecta á comprensión e expresión oral en lingua inglesa.

A súa presenza no centro educativo constitúe normalmente un elemento adicional cara a motivación do alumnado pola aprendizaxe e convértense en interlocutores moi apropiados para que este entre en contacto coa cultura anglosaxoa, irlandesa, canadense ou norteamericana, ao tempo que o auxiliar vai recibir tamén a riqueza de poder aproximarse á nosa cultura galega, normalmente descoñecida para a maioría deles.

Non se esquece neste programa a necesaria interrelación que se establece entre a aprendizaxe de determinadas materias do currículo en lingua inglesa e o estudo das demais linguas que aparecen no currículo da ESO: o galego, o castelán, o francés e o portugués. A riqueza lingüística que supón esta oportunidade educativa nunha terra onde xa contamos de partida con determinadas vantaxes fronte a outros territorios do estado español que non contan coma nós coa existencia de dúas linguas cooficiais é outro factor que consideramos moi enriquecedor para o alumnado deste centro educativo.

Aínda que calquera programa desta natureza no que estean inmersas persoas e que dependa das administracións educativas poida ser mellorable, considérase neste IES que

a existencia da sección bilingüe beneficia a toda a comunidade educativa e debe ser defendido e mellorado na medida das nosas posibilidades.

Para terminar, debe coñecerse publicamente que este é un programa que depende unicamente da vontade e compromiso dos profesionais educativos para levalo adiante, feito especialmente digno de recoñecemento colectivo en tempos nos que o labor do profesorado está en tea de xuízo dende moitos ámbitos.

#### 5.7.2.2. *Actividades de potenciación das linguas inglesas e francesas*

No Plan anual de actividades extraescolares recóllense estas actividades de potenciación.

**Dende ou curso 2013-2014 solicitamos a actividade da Xunta de Galicia de inmersión lingüística de outono.**

Despois de ter participado dúas veces valorámolo de xeito moi positivo para o alumnado, xa que este ten contacto directo con falantes nativos.

En canto ao idioma francés, o alumnado asiste a todos os cursos e representacións teatrais en francés da nosa cidade.

Puntualmente celébranse en colaboración cos departamentos didácticos e coa biblioteca outras actividades que están recollidas nas propios dos departamentos.

#### 5.7.2.3. *Oferta de lingua portuguesa*

**O IES Canido oferta como materia de libre configuración do centro lingua portuguesa para os niveis de 1º e 2º da ESO coa intención de achegar o alumnado á cultura lusófona.**

Algunhas razóns para xustificar a conveniencia desa materia son:

- A formación en portugués é unha boa opción estratéxica, unha opción de futuro xa que Brasil é unha potencia emerxente (Posibilidade de abrir novos camiños para a busca de emprego polas futuras relacións comerciais entre Galicia e Portugal ou Brasil).
- Hai unha lei aprobada polo Parlamento de Galicia (Lei 1/2014) que cita no artigo 2 que o goberno galego incorporará progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino de Galicia.
- Permite ao alumnado formarse para acreditar os niveis B1 ou B2 (e así cumprir o requisito para titular nos estudos universitarios).
- A facilidade do alumnado dos centros galegos para chegar ao idioma portugués dende o galego é unha vantaxe con respecto ao alumnado doutras comunidades autónomas xa que en menos tempo de aprendizaxe terán unha maior competencia lingüística.

Ademais do exposto, cabe sinalar a riqueza cultural que supón poder expresarse nunha lingua europea que está entre as cinco máis faladas do mundo.

#### 5.7.2.4. *O EDNL e o fomento do uso da lingua galega*

O propósito do EDNL é o de organizar actividades que potencien o uso do galego fóra dos ámbitos tópicos, para acadar a normalización do seu uso en todos os ámbitos. Para iso

procuraremos realizar actividades que relacionen o galego coas novas tecnoloxías, co cinema e co mundo que rodea o noso alumnado e, en xeral, toda a comunidade educativa.

Tamén nos parece importante darlle prioridade ás accións encamiñadas a fomentar o uso oral do idioma. Non esquezamos que nos atopamos nun centro e nunha cidade nos que se desenvolve un forte proceso de castelanización e nos que o emprego do galego está asociado nunha boa parte dos casos ás actividades escritas: documentación administrativa, libros de texto, apuntamentos... É fundamental animar á xente a falar o galego tanto nas clases como fóra delas, propiciando espazos de intercambio de opinións, exposicións orais, excursións... e proporcionándolles material para poderen desenvolver este uso oral con normalidade (vocabularios específicos para os profesores, por exemplo).

Outra tarefa, non menos importante, é a de eliminar posibles prexuízos existentes contra o galego dentro da comunidade educativa que, a pesar do contexto no que nos atopamos, non parecen ser moitos. O alumnado adoita amosarse receptivo e participativo nas actividades de normalización lingüística, así como as nais, os pais e a maioría do profesorado e do persoal non docente. Case ninguén está en contra de que se promova este uso, pero son poucos os que se animan a levalo a cabo en todas as situacións comunicativas.

No PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA 2023-2024 quedan recollidas as actividades do EDNL.

#### *5.7.2.5. Alumnado estranxeiro e atención á diversidade lingüística*

Dende o departamento de orientación (DO) trabállase habitualmente con alumnado doutras nacionalidades (marroquís, guineanos, romaneses, etc) xa que o IES Canido é o centro de referencia da Residencia de Menores Ferrol 1.

O obxectivo principal é a adquisición de coñecementos básicos en lingua castelá e lingua galega para poderen manexarse nas actividades habituais da vida diaria e poder, deste xeito, ter unha inclusión social axeitada. Ademais, procurase manter o idioma materno, tanto a nivel escrito como oral, usando materiais didácticos neste idioma e coa presenza no departamento de orientación de antigos alumnos desas nacionalidades.

Outras actividades que se fomentan dende o departamento de orientación son:

- A relación con persoas e entidades sociais de inmigrantes.
- Poñer o alumnado en contacto con entidades socias da comarca, se é preciso.

### **5.7.3. Avaliación**

Este proxecto ten a pretensión de ser un instrumento “vivo” e constituír un medio de relación coas programacións didácticas e co plan de actividades extraescolares.

O proxecto debe contar con difusión entre a comunidade educativa e recibir contribucións de todos os sectores. Dende a dirección solicitarase a participación de profesorado, alumnado, persoal non docente e familias.



Centrarase o esforzo na posta en práctica do mesmo e prestando especial atención aos resultados que se obteñan. A avaliación durante ou proceso levarase a cabo cun instrumento básico: a Memoria Anual do Centro, onde se valorará o realizado.

Ademais disto o equipo directivo, a modo de avaliación final, pedirá a valoración do traballo realizado aos distintos membros da comunidade educativa no claustro e no consello escolar.

#### 5.7.4. Repartición Lingüística Galego-Castelán

1º ESO		
MATERIA	GALEGO	CASTELÁN
Bioloxía e Xeoloxía	4	
Xeografía e Historia	3	
Educación física	2	
Lingua castelá e literatura		4
Lingua galega e literatura	4	
Matemáticas		5
Relixión	1	
Proxecto competencial		1
Educación plástica e visual		2
Tecnoloxía e dixitalización		3
Titoría		
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>	<b>15</b>

2º ESO		
MATERIA	GALEGO	CASTELÁN
Física e química	3	
CCSS, xeografía e historia	3	
Educación física	3	
Lingua castelá e literatura		3
Lingua galega e literatura	3	
Matemáticas		4
Música		2
Relixión	1	
Proxecto competencial		1
Tecnoloxía e dixitalización		3
Titoría		
<b>TOTAL</b>	<b>13</b>	<b>13</b>

3º ESO		
MATERIA	GALEGO	CASTELÁN
Bioloxía e xeoloxía	2	
Xeografía e Historia	3	
Física e química		2
Lingua castelá e literatura		3
Lingua galega e literatura	3	
Matemáticas		4
Educación física	2	
Educación plástica, visual e audiovisual		2
Música	2	
Relixión	1	
Proxecto competencial		1
Educación dixital		2
Educación en valores		1
Oratoria	1	
Titoría		
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>	<b>15</b>

4º ESO		
MATERIA	GALEGO	CASTELÁN
Bioloxía e xeoloxía	3	
Educación física	2	
Física e química		3
Lingua castelá e literatura		3
Lingua galega e literatura	3	
Matemáticas A/B		3
Música	3	
Relixión/ Proxecto competencial	1	
Tecnoloxía		3
Xeografía e historia	3	
Dixitalización		3
Educación artística		3
Titoría		
<b>TOTAL</b>	<b>15</b>	<b>18</b>

RESUMO DA PROPOSTA NA ESO		
CURSO	GALEGO	CASTELÁN
1º ESO	<b>14</b>	<b>15</b>
2º ESO	<b>13</b>	<b>13</b>
3º ESO	<b>14</b>	<b>15</b>
4º ESO	<b>15</b>	<b>18</b>
<b>TOTAL</b>	<b>56</b>	<b>61</b>

\*Se a primeira ou segunda lingua estranxeira é inglés a lingua de apoio será castelán, se fose francés, galego

Este reparto continúa en vigor entre o 01-09-2018 e o 31-08-2024 coas modificacións pertinentes debidas aos cambios de materias coa introdución da LOMCE.

### Códigos de cores

**Amarelo** En galego segundo o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

**Azul** En castelán segundo o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

<b>1º BACHARELATO</b>		
MATERIA	GALEGO	CASTELÁN
Filosofía	3	
Literatura universal/ Debuxo técnico I		4
Educación física	2	
Física e química		4
Lingua castelá e literatura I		3
Lingua galega e literatura I	3	
Tecnoloxía e enxeñería I / LPMusical		4
Matemáticas aplicadas ás CCSS / Matemáticas 1		4
Historia do mundo contemporáneo	4	
Bioloxía, xeoloxía e ciencias ambientais	4	
Tecnoloxías de información e ciencias da comunicación I		4
Afondamento / Relixión Católica	1	
Economía		4
Grego I		4
Latín I		4
<b>TOTAL</b>	<b>17</b>	<b>35</b>

<b>2º BACHARELATO</b>		
<b>MATERIA</b>	<b>GALEGO</b>	<b>CASTELÁN</b>
Historia de España	3	
Relixión / Afondamentos	1	
Bioloxía	4	
Física		4
Historia da Arte	4	
Historia da filosofía	4	
Latín II		4
Lingua castelá e literatura II		3
Lingua galega e literatura II	3	
Matemáticas aplicadas ás CCSS II/ Matemáticas II		4
Métodos estatísticos e numéricos		4
Psicoloxía	4	
Química	4	
Xeografía	4	
Empresa e deseño de modelos de negocio		4
Tecnoloxía e enxeñería II		4
<b>TOTAL</b>	<b>31</b>	<b>27</b>

<b>RESUMO DA PROPOSTA EN BACHARELATO</b>		
<b>CURSO</b>	<b>GALEGO</b>	<b>CASTELÁN</b>
1º BACHARELATO	17	35
2º BACHARELATO	31	27
<b>TOTAL</b>	<b>48</b>	<b>62</b>

\* Se a primeira ou segunda lingua estranxeira é inglés a lingua de apoio será castelán, se fose francés, galego

Este reparto continúa en vigor entre o 01-09-2018 e o 31-08-2024 coas modificacións pertinentes debidas aos cambios de materias coa introdución da LOMCE

## **5.8. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO**

Este Plan de Formación do Profesorado preséntase como unha ferramenta de planificación e mellora da calidade de ensino no noso centro. A través do mesmo preténdese responder ás necesidades de formación demandadas polos distintos colectivos docentes de acordo cos obxectivos e as liñas de traballo establecidas. Inténtase dar resposta ás necesidades formativas dos docentes deste instituto, ou as derivadas da implantación de determinadas medidas de mellora do sistema educativo na actualidade e que son necesarias para o desenvolvemento do currículo. O Plan de Formación do Profesorado é o elemento do Proxecto Educativo no que o propio profesorado planifica e articula as actuacións que, respecto da súa formación, considera necesarias para a atención das necesidades detectadas no contexto do propio centro e para a elaboración e desenvolvemento das Programacións Didácticas.

### **5.8.1. Obxectivos**

Os obxectivos xerais que se pretenden cubrir con este plan son os seguintes:

- Desenvolver as áreas de actuación prioritarias marcadas pola consellería de educación para o ano en curso en materia de formación.
- Facilitar ao profesorado a formación e o asesoramento necesario para o desenvolvemento dos currículos contribuíndo á mellora dos procesos de ensino aprendizaxe nas distintas áreas e materias e a súa contribución á adquisición das competencias básicas necesarias para unha aprendizaxe ao longo da vida.
- Fomentar a cultura do traballo en equipo, toma de decisións e os acordos compartidos e o intercambio de boas prácticas profesionais xerando unha actitude de reflexión permanente sobre a práctica docente e as súas implicacións educativas e sociais.
- Apoiar o desenvolvemento de modelos educativos e estratexias de ensino-aprendizaxe que permitan dar resposta á diversidade e á atención personalizada do alumnado, contribuíndo ao incremento da equidade e a igualdade de oportunidades para todas as persoas.



- Apoiar, mediante actuacións específicas de formación, asesoramento e a confluencia de soportes tecnolóxicos e materiais en distintos formatos, os procesos de innovación, os plans e programas de cambio educativo e de mellora da organización escolar desenvolvidos nos centros educativos considerados estes como referentes de todo o proceso formativo.
- Que o alumnado complete a adquisición das competencias profesionais propias de cada título alcanzadas no centro educativo.
- Adquirir unha identidade e unha madureza profesional motivadoras para a aprendizaxe ao longo da vida e para as adaptacións aos cambios das necesidades de cualificación.
- Completar coñecementos relacionados coa produción, a comercialización, a xestión económica e os sistemas de relacións sociolaborais das empresas, co fin de facilitar a inserción laboral.
- Avaliar a competencia profesional adquirida polo alumnado, especialmente naqueles aspectos que non poidan verificarse no centro educativo por esixir situacións reais de traballo.

### **5.8.2. Desenvolvemento, seguimento e avaliación do plan de formación**

- Informar na primeira CCP do curso do Plan de Formación do Profesorado para curso.
- Levar a cabo o proceso de detección de necesidades de formación no instituto.
- Manter reunións cos asesores do CFR para analizar e concretar as propostas de formación xurdidas do estudo de necesidades dentro das diferentes modalidades de formación á nosa disposición.
- Elaborar un calendario de seguimento do plan de formación.
- Avaliar este plan de formación e establecer propostas de mellora a partir da valoración para o próximo plan que se deseñe.
- Contemplan a figura dun docente coordinador do Plan de Formación do Profesorado que axude a materializar todos os obxectivos e carencias de formación do profesorado e como interlocutor entre o profesorado e o CFR.

### **5.8.3. Criterios para a avaliación das actividades**

Todas as actividades de formación deben ser avaliadas co fin de tomar decisións sobre a mellora das accións formativas. Porén, á hora de planificar a avaliación, non podemos esquecer que o plan de formación non se limita a unha sucesión de actividades senón que supón optar por unhas determinadas estratexias de acción que se consideran as máis adecuadas para cada contexto. Por iso, haberá que valorar a coherencia interna do propio plan comprobando a relación entre todos os elementos, a súa relevancia, é dicir, a importancia de todo aquilo que se inclúe na planificación e a viabilidade das accións propostas.

Canto á avaliación das actividades concretas, esta debe afectar a:

- Deseño e organización da actividade.
- Participantes na actividade: relatores e relatoras, asistentes e asesor ou asesora.
- Contidos, metodoloxía e recursos.
- Consecución de obxectivos.

#### 5.8.3.1. *Avaliación das persoas participantes nas actividades de formación.*

Nas sesións presenciais das actividades de formación a asistencia é obrigada, polo que as faltas, independentemente da causa, non poderán superar o 15% da duración da parte presencial da actividade.

No caso de estaren programadas sesións non presenciais, a participación virá determinada pola entrega e valoración dos materiais elaborados, exercicios, informes de resultados alcanzados en procesos de experimentación previstos ou memorias, individuais ou de grupo, que fosen establecidos para o desenvolvemento das tarefas e que deben ser coñecidos polos participantes desde o inicio da actividade e que serán de obrigado cumprimento.

En todo caso, á hora de avaliar os grupos de traballo e seminarios, o asesor ou a asesora que coordina a actividade deberá establecer as estratexias e aplicar os instrumentos adecuados (memorias, observación, realización de traballos etc.) que permitan comprobar o grao de aproveitamento e as competencias adquiridas por cada un dos participantes na actividade. Os resultados desta avaliación teranse en conta á hora de tomar decisións sobre a emisión de certificados, publicación de materiais elaborados, concesión de axudas económicas para futuros proxectos etc.

Ao remate de cada actividade, o profesorado asistente recibirá unha certificación.

Para a súa expedición terase en conta:

- A participación activa nas fases presenciais e a execución das diversas tarefas programadas para as fases non presenciais.
- Nas fases presenciais establecerase un sistema de comprobación da asistencia, que será obrigatoria nun 85% da súa duración total.
- Nas actividades na Rede será preciso obter avaliación positiva no 80% das tarefas propostas.
- Os asistentes unicamente poderán recibir a certificación que acredite a superación da actividade.

En todo momento, desde o noso centro teranse en conta as convocatorias do plan anual de formación do profesorado que convoca a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, ademais das distintas actividades que convoca dita consellería para a formación de aprendizaxe do noso profesorado:

1. Licenzas por formación nas súas modalidades.
2. Cursos CALC (Cursos de Actualización Lingüística do Profesorado)
3. Cursos de Competencias nas TICs.

4. Plan de mellora de bibliotecas escolares.
5. ERASMUS+, programa educativo europeo.
6. Cursos e Seminarios de orientación educativa.
7. Convocatoria de grupos de traballo.
8. Convocatoria de seminarios.

## **5.9. PROXECTO LECTOR / BIBLIOTECA**

A biblioteca do IES Canido debe ser un punto neurálxico do centro, lugar de referencia para actividades culturais quer curriculares, quer complementarias, punto de encontro a disposición do alumnado, así como lugar de estudo.

Un docente do centro será o encargado da mesma, coa axuda doutra compañeira (1 máis) que ten asignada tres horas na mesma. Encargaranse, ambas persoas, da catalogación e ordenación dos fondos, así como da emisión dos novos carnés de usuarios que cada ano escolar se vaian xerando. Dentro do cometido, está o da animación e de servizo de empréstito e vixilancia en tempo de recreo ou lectivo. Igualmente, existe unha outra función, como é a de mantemento, cuxo cometido xira de arredor da reparación de libros en mau estado que aínda poidan valer para o seu uso, así como a de purga definitiva, que atinxirá a aqueloutros inservíbeis ou que fiquen desfasados ou fóra de lugar.

O servizo de empréstito correrá a cargo do profesorado que desempeñe gardas na biblioteca. Organizarase tamén un grupo de alumnas e alumnos que poderá realizar este servizo de empréstito, así como o de etiquetado dos libros, complementado coa actividade de colocación, organización dos libros e embelecemento da biblioteca. O grupo de biblioteca e o de dinamización lingüística traballarán á par, sendo comúns as actividades organizadas e promovidas por ambos.

### **5.9.1. Obxectivos xerais da biblioteca escolar**

- Proporcionar igualdade de oportunidades para o acceso aos recursos.
- Ofertar recursos culturais.
- Constituír un recurso para o desenvolvemento do currículo.
- Crear hábitos de lectura.
- Crear hábitos de investigación e desenvolvemento de proxectos.
- Favorecer a adquisición de destrezas no uso autónomo de recursos e para a autoaprendizaxe.
- Formar situacións de lectura, escrita e creatividade.
- Favorecer a adquisición de destrezas no manexo de documentos e outros soportes.
- Apoiar o desenvolvemento doutros plans e proxectos do centro.
- Facilitar a lectura e a busca de información para todos os sectores da comunidade.

### 5.9.2. Obxectivos de dinamización

- Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o proxecto anual de biblioteca escolar e a memoria final.
- Coordinar, seguindo as directrices da consellería, a elaboración e posta en práctica do Proxecto Lector de Centro, coa participación de todo o profesorado.
- Constituír e desenvolver ao longo do curso un club de lectura de carácter interdisciplinar e integrador.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
- Informar o claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade educativa.
- Definir os criterios para o préstamo o atender o servizo xunto co equipo de apoio.
- Asesorar o profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
- Representar o equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Levar a termo as demais funcións relativas ás bibliotecas escolares.

### 5.9.3. Análise de partida da Biblioteca e o seu contexto

#### 5.9.3.1. Infraestrutura e equipamento:

A superficie destinada á biblioteca é aproximadamente de 120 metros cadrados e corresponde a unha estancia, con dous espazos diferenciados, en que atopamos o seguinte equipamento:

- Zona de lectura e traballo individual: espazo separado do de entrada por medio dunhas portas corredeiras envidrazadas e varias mesas para a lectura. A disposición varía dependendo das necesidades dos usuarios.
- Zona de equipos informáticos: no espazo ou sala pola que se accede á biblioteca. Hai 4 ordenadores con conexión a internet de banda ancha para o uso do alumnado.
- Zona de préstamo e atención aos usuarios, localizada na sala de entrada, cunha mesa en forma de L, dotada dun módulo tipo estantería en que se produce o intercambio de préstamos dos usuarios. Ademais temos un ordenador exclusivo para tarefas de biblioteca, que ten conexión a internet cunha impresora.
- Unha parte da biblioteca (o espazo detrás das portas envidrazadas) é utilizada como aula, de forma regular, para impartir as materias de Cinema, Cultura Clásica, Comentario de Textos e Inglés entre outras.

- Nesa zona da biblioteca detrás das portas acristaladas hai outro ordenador conectado a un proxector fixo (no teito) para proxectar sobre unha pantalla preparada para tal fin.
- Mobiliario para os fondos documentais: temos tres paredes completas de estantes. Hai expositores para revistas e para as novidades de literatura.
- Tamén contamos con andeis para expor os filmes, música, banda deseñada e revistas.
- Zona de xogos: na entrada da biblioteca hai unhas mesas que se soen usar polo alumnado nos recreos para xogar ao xadrez e outros xogos de mesa.
- Outros espazos xestionados desde a biblioteca:
  - En todas as aulas da ESO existe biblioteca de aula; os departamentos deciden que fondos deben ser levados ás aulas para utilizalos durante as sesións lectivas, ou para uso do alumnado.

#### 5.9.3.2. *Catalogación, rexistro e préstamo:*

- Se rexistra e cataloga co programa Meiga, a través do cal levamos rexistrados moitos volumes, priorizando para este rexistro os libros máis solicitados polo alumnado e as novas adquisicións.
- O préstamo faise a través do programa Meiga.

#### 5.9.3.3. *Horarios de funcionamento:*

- A biblioteca estará aberta durante todos os recreos do curso (de 11:00 a 11:20 e de 13:00 a 13:20), así como durante as horas en que houber persoal con horario dedicado á mesma.
- Con todo, a biblioteca do IES Canido estará a disposición do alumnado que o precise de forma individual ou de pequeno grupo para o estudo ou realización de tarefas académicas. Neste caso, será o profesorado de garda ou o profesorado do equipo da biblioteca quen, de cando en vez bote un ollo na mesma.
- O profesorado responsábel da biblioteca tem distribuídas no horario unhas poucas horas de xestión para realizar traballos de organización e catalogación dos fondos ou dinamización, segundo o caso.

#### **5.9.4. Profesorado encargado da Biblioteca e horario**

O equipo da biblioteca estará formado polos seguintes docentes:

- Henrique Dacosta López, como coordinador da Biblioteca.
- Outros profesores/as que fan gardas de recreo para controlar a orde e facer os préstamos.

Os compoñentes do equipo de biblioteca encárgase dos préstamos durante os períodos de lecer e da xestión e dinamización da biblioteca. Polo tanto, estes docentes teñen nos seus horarios gardas de recreo dedicadas á biblioteca para o préstamo, e algunha hora

(dentro das súas horas complementarias) dedicado a labores de xestión e dinamización de biblioteca.

Todo isto está coordinado desde a vicedirección do centro como responsábel última das decisións que teñen que ver con biblioteca.

### **5.9.5. Obxectivos anuais**

Conseguir que a comunidade escolar conciba a biblioteca como unha institución para a APRENDIZAXE e PROMOCIÓN DA LECTURA.

- Asegurar o acceso á información proporcionando as ferramentas básicas para que os usuarios poidan aproveitar os recursos que a biblioteca lles proporciona.
- Conseguir que os usuarios sexan capaces de manexar de forma autónoma os recursos dispoñíbeis.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías para obter información e recursos.
- Proporcionar apoio ás actividades de ensino-aprendizaxe do profesorado.
- Participar cos departamentos nas actividades docentes.
- Fomentar a utilización da biblioteca mediante actividades interdisciplinarias que integren diferentes áreas de traballo.
- Levar a cabo concursos de redacción, poesía e relatos curtos.
- Incentivar o proxecto da Hora de Ler no centro educativo.
- Continuar co proxecto dos Clubs de Lectura (nomeadamente Recreos Literarios), para o cal será solicitada axuda á Consellería a través dun concurso de méritos.
- Facilitar o acceso ao alumnado para a realización de actividades recreativas e de ocio propias da súa idade, fomentando o uso da biblioteca fóra do horario lectivo.
- Diseñar actividades recreativas para uso da biblioteca por parte da comunidade escolar.
- Establecer convenios coas asociacións culturais da contorna para participar de forma conxunta en actividades de formación permanente e complementaria.
- Continuar co rexistro mediante o proxecto MEIGA de todos os fondos.
- Continuar co préstamo informatizado.
- Estabelecer mecanismos de intercambio de información cos usuarios potenciando un foro, blogs ou outras formas de participación na rede.
- Facilitar a utilización dos medios informáticos e audiovisuais para o desenvolvemento de capacidades de manexo das novas tecnoloxías.
- Crear unha comisión de biblioteca integrada por representantes do alumnado e o profesorado.
- Lograr a participación dos alumnos e alumnas nas decisións de adquisición de fondos, realización de actividades...

- Incentivar a colaboración da asociación de nais e pais ou outra que poida existir na zona coa biblioteca, colaboración referida a orzamentos, actividades abertas á comunidade escolar, horario de atención, cursos...

En relación á organización e xestión:

- O equipo da biblioteca estará formado, ademais de polo coordinador, por outro profesor/a e o vicedirector/a do centro como persoal de apoio.
- A biblioteca está a disposición do profesorado e alumnado durante todo o horario lectivo.
- Os profesores que pertencen ao grupo de biblioteca teñen unhas poucas horas de xestión e dinamización asignadas.
- O servizo de préstamo realizarase nos recreos da mañá, en que haberá polo menos un profesor (de garda) encargado desa tarefa.
- Os recreos destínanse para préstamo, ocio, consulta de información, traballo individual ou en grupo, alén de aos recreo literarios.
- Canto ao traballo de catalogación, este curso tentaremos catalogar o máximo número posíbel de volumes xa existentes sen catalogar, ademais de archivar todas as novidades que vaimos adquirindo ou recibido en doazón.

En relación á dinamización e promoción dos recursos da biblioteca:

- **Recreos literarios:** unha vez por semana, organizaranse actividades de lectura en voz alta durante un ou dous recreos. Para cada recreo literario elaborárase un folleto coas lecturas propostas, que será, maiormente, de carácter temático.  
Estes recreos poden ser organizados polo profesorado, encomendándosele un recreo a cada profesor/a, ou polo alumnado, con ou sen axuda do profesorado.
- **Olimpíada Cultural:** actividade puntual con duración de dúas o tres semanas, con carácter de concurso mais non competitivo. Na Olimpíada Cultural participan equipos de tres alumnos/as de calquera curso, que deberán atender diariamente a dous tipos de preguntas (a “pregunta do día” e “pista a pista”), e semanalmente outros dous (o “reto” e o “preguntón”).
- **Certame Palabras para a Paz:** a celebrar con motivo do Día da Paz, convocaremos un certame de poesía e narrativa breve. Os textos e presentación escollidas serán lidos e proxectados nun recitado a celebrar no salón de actos do propio día
- **Celebración do 8 de marzo (Día da Muller):** presentación dun Power-point sobre mulleres na historia, na literatura, na ciencia... que se pasará ao longo desa semana na entrada do instituto.
- **Concurso e Exposición de Marcapáxinas** no Día Internacional do Libro.
- Participación no certame *Inventa unha flor*, en colaboración coa asociación sociocultural Muíño do vento, do barrio de Canido, seguindo as pautas comúns aos

catro centros educativos do barrio, para o que se organiza esta actividade no mes de maio.

- **Compra, promoción e exposición de novidades** tanto dentro como fóra da biblioteca.

### 5.9.6. Criterios e Procedementos de Avaliación

#### Criterios

Existen criterios obxectivos que temos que ter en conta para avaliarmos a consecución dos obxectivos propostos:

- Afluencia de usuarios á biblioteca (alumnos nos recreos, horas de reserva...)
- Préstamos realizados e número de usuarios que os realizaron, así como a distribución por faixas de idade ou cursos.
- Participantes nas actividades propostas.
- Solicitud de utilización por parte dos profesores para realizar actividades.
- Traballo de organización e catalogación dos fondos.

E outros que son máis dificilmente obxectivabeis pero que teremos que ter en conta á hora de avaliar o traballo desenvolvido:

- Nivel de implicación nas actividades propostas, aceptación, entusiasmo e animación á colaboración por parte do alumnado e profesorado.
- Utilización dos fondos como material complementario as tarefas escolares.
- Utilización dos fondos como instrumento de ocio.

#### Procedementos

- Servizos estatísticos do programa MEIGA que permiten saber todos os datos de préstamo posíbeis.
- Levar un rexistro en que o profesor encargado do préstamo poida reflectir o número aproximado de usuarios. Este control permitirá establecer as épocas nas que a afluencia é maior, os grupos de idade que están máis interesado, etc.
- Distribuír cuestionarios periódicos entre todos os usuarios para avaliar todas as actividades levadas a cabo desde a biblioteca, tanto para coñecer a súa aceptación como a incidencia que teñen na mellora das capacidades do alumnado.
- A comisión de biblioteca realizará unha autoavaliación do traballo de xestión desenvolvido durante o curso na última reunión do mes de xuño.



## **6. NORMAS BÁSICAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO.**

### **6.1. PLAN DE CONVIVENCIA**

#### **6.1.1. Diagnóstico da convivencia**

Tratado nas reunións da Comisión da Convivencia e nas do equipo directivo e consello escolar.

A conflitividade no centro baixou respecto do curso pasado. Os partes de incidencias do alumnado que chegan á xefatura de estudos son recollidos nunha folla de cálculo para poder analizar de xeito cabal todos os datos arquivados. A análise amosa que os partes de incidencias inclúen maioritariamente condutas leves contrarias á convivencia, ademais moi localizadas nos dous primeiros cursos da ESO e con alumnos disruptivos para os que o sistema educativo non proporciona unha resposta cumprida. Comprobamos tamén que na primeira avaliación deste curso non houbo ningún procedemento de corrección.

#### **6.1.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN**

- Preparar adecuadamente ao alumnado para a vida social adulta
- Asumir e practicar os valores cívicos e democráticos:
  - respecto polas demais persoas,
  - respecto polo mobiliario e polos bens comúns,
  - tolerancia crítica,
  - solidariedade,
  - dereitos humanos,
  - medio natural,
  - igualdade entre homes e mulleres,
  - ....
- Mellorar o clima escolar
  - personalización e habitabilidade dos espazos,
  - atmosfera ordenada e tranquila,
  - relacións dentro das aulas,
  - orde e tranquilidade,
  - actitude de traballo,
  - satisfacción,
  - ...
- Atender á diversidade.

### 6.1.3. ACTUACIÓNS

#### 6.1.3.1. *Prevención e sensibilización (con responsables e destinatarios)*

Hai que atender preventivamente aos/ás alumnos/as, en especial aos que, polas súas circunstancias persoais e sociais, están en risco de verse implicados en conflitos (violencia ou de conduta antisocial de calquera tipo). Hai que atender ás vítimas pero tamén aos agresores.

Tres contextos sociais parecen ser determinantes como factores onde pode aniñar o risco de chegar a ser violento ou de padecer violencia no ámbito da educación obrigatoria: a familia, a escola e a propia sociedade. Estes tres contextos deben converterse en escenarios da atención educativa de carácter preventivo, e da actuación psicopedagóxica para erradicar a violencia e facer máis saudable a convivencia escolar.

Os principios que sosteñen o noso modelo de prevención de conflitos son os seguintes:

- Tendo en conta a poboación á que vai dirixida sempre será máis eficaz e conveniente a prevención que a intervención terapéutica.
- Teremos problemas sempre que teñamos que actuar sobre situacións deterioradas, así pois cremos que a prevención sempre obterá técnica e procedementalmente máis resultados que a intervención.
- Tanto os instrumentos, coma os recursos humanos usados preventivamente son máis próximos aos sistemas de actividades propias da comunidade educativa.
- A prevención é máis económica, en todos os aspectos (materiais, persoais, físicos, psíquicos...). Sempre vai dirixida a evitar que se produza o dano.
- Finalmente, a institución educativa é, por si mesma, un ámbito de atención social, que está mellor preparada para a actuación preventiva, que para calquera outra.

Pensamos que nesta materia de prevención de conflitos a comisión de convivencia (formada por un representante de cada colectivo que ten representación no Consello Escolar agás os axentes sociais) debe ter un papel consultivo e formativo.

A **concreción de medidas preventivas** corresponde á Comisión de Convivencia quen manterá o dinamismo deste plan, en boa medida, coas propostas que faga aos distintos sectores da comunidade educativa do IES Canido.

Estas medidas abrangueran dende a concienciación á atención individualizada pasando pola aproximación curricular (educación en valores). Algunhas suxestións son as seguintes:

- Actividades de acollida para o alumnado e ás súas familias: facendo fincapé no coñecemento de normas, dereitos e deberes, etc. (Reunión pais e nais co equipo directivo e familias no mes de outubro. Presentación e primeira xornada no centro para o alumnado polo equipo directivo e titores).
- Sensibilización fronte a casos de acoso ou intimidación entre iguais (Na hora de titoría e de xeito espontáneo nas clases en que xurda algunha situación conflictiva).

Ademais da sensibilización aplicada polo equipo directivo e Orientación no tratamento de posibles casos).

- Sensibilización en materia de igualdade de xénero (Titoría e nos contidos transversais das materias do currículo).
- Medidas organizativas: vixilancia de tempos e espazos de risco (Cambios de clase, períodos de lecer: polo profesorado de garda. Entradas, saídas: polo persoal de conserxería, profesorado de garda de transporte e membros do equipo directivo).
- Posibilidade de subscribir compromisos de convivencia entre o centro e as familias.
- Sempre que sexa posible e pertinente, usar a mediación como vía de resolución dos conflitos. (Actuacións puntuais do departamento de orientación).
- Promoción da Aula de Convivencia (departamento de orientación, equipo directivo e membros da comisión de convivencia).
- Posibilidade de recuperar a figura do alumnado encargado de abrir as aulas. Este alumnado collería e logo devolvería copias das chaves en conserxería e abriría as aulas ao remate do recreo se non pasou aínda o profesor de garda ou non chegou o de aula. Isto mellora a dinámica dos corredores e o tránsito de alumnado que ten que ir a aulas específicas despois do recreo, evitando tempos de agrada e conflitos.
- Cambios de placas de aulas antes do inicio das clases, cambiando de sitio as aulas de 2º e 1º de bacharelato, para deixar aos de 2º nas aulas máis afastadas do 2º andar e sacar aos de 1º de bacharelato das aulas que dan ao exterior pola rúa Maiola.

#### 6.1.3.2. *Procedementos, programas e medidas (con responsables e destinatarios)*

Actuacións da Xefatura de estudos:

- Protocolo de actuación da aula de convivencia co profesorado de garda.
- Modelos de partes de incidencias na aula: Apartado para que o alumnado cubra explicando o que pasou, incitando á reflexión e a crear condutas que eviten nunha próxima vez o sucedido. Proposta de incluír que sanción se poría o propio alumno.

Colaboración do departamento de Orientación.

Actuacións dos titores/as (recollido nas NOF)

#### 6.1.3.3. *Mediación*

**Que entendemos por mediación?** A oportunidade que se brinda a persoas en conflito, para falar cunha terceira parte neutral, do seu problema e intentar chegar a un acordo de forma positiva. En todo caso, debe ser un problema mutuo ou no que as dúas partes teñan responsabilidade a maior ou menor grao no problema ou conflito, nunca unha situación que constituía un abuso ou unha falta leve ou grave que deba ser atendida doutro xeito polas autoridades académicas competentes.

**Quen xogará o papel de “terceira parte neutral”?** A persoa mediadora. Terá como obxectivos fomentar a comunicación das persoas afectadas por un conflito, axudar ó esclarecemento do mesmo e promover a busca de acordos.

**En que situacións se leva a cabo?** Cando se detecte calquera conflito, xefatura de estudos (asesorada pola Comisión de Convivencia) interpreta que a mediación é un instrumento axeitado para a resolución do conflito e as persoas voluntariamente acepten a mediación e entre iguais.

**Quen formará parte do equipo mediador?** Estará formado por persoas pertencentes a comunidade educativa do IES Canido xa sexan profesores, alumnos (con credibilidade e teñan o apoio xeral do grupo) ou pais. Formarán dito equipo dun xeito voluntario e recibirán formación previa.

**Que se pretende conseguir coa mediación?**

- 1) Promover a solución dos conflitos
- 2) Aumentar a capacidade de toma de decisións
- 3) Mellorar a autoestima e autodisciplina das persoas
- 4) Favorecer a convivencia no centro.

**Que implica aceptar a mediación?**

- 1) Que as persoas en conflito poden propoñer as persoas mediadoras
- 2) Que a solución do conflito sexa proposta e aceptada.

**Que pasos ten a actuación da persoa mediadora?**

- 1) Reúne ás partes en conflito
- 2) escoita as distintas opinións
- 3) Facilita o diálogo entre as persoas
- 4) Invita a buscar solucións
- 5) Non ten autoridade na decisión que hai que tomar.

Os mediadores actuarán conforme a un protocolo que se realizará nas reunións de formación que se desenvolvan para este fin nos primeiros días de curso. A súa actuación seguirá os seguintes parámetros:

- a. Actuarán nos casos nos que aparezan distintas partes en conflito
- b. Actuará o profesor mediador do nivel correspondente ao alumno en conflito
- c. A intervención dos alumnos mediadores producirase por decisión do XE e do profesor mediador correspondente
- d. A intervención do profesor e do alumno mediador poderá ser conxunta ou individualmente

## i) Formación

A Comisión de Convivencia dentro das súas atribucións, e cada vez que se pretenda a solución dun conflito mediante a mediación, asesorará as persoas mediadoras sobre o xeito de exercer a función mediadora.

## ii) Mediadores actuais

Entendemos que debería haber un equipo mediador formado por alumnado voluntario, pensando nunha mediación entre iguais, e coordinado polo departamento de Orientación.

Actualmente a mediación realízaa **a xefa do departamento** de orientación, tendo actuado en conflitos puntuais entre o alumnado.

**6.1.4. PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR**

[Protocolo marcado](#) pola Consellería de Educación.

**6.1.5. NORMAS DE CONVIVENCIA***6.1.5.1. Normas de convivencia*

Extraídas das NOF do IES Canido:

A convivencia de todos os membros da comunidade escolar basearase nos principios que respecten a ideoloxía, a igualdade entre sexos, a dignidade persoal e o diálogo fronte a actitudes coercitivas ou represivas.

O alumnado debe respectar o dereito á educación dos seus compañeiros.

Os posibles conflitos entre o alumnado tenderán a resolverse a través do diálogo, a mediación, etc.; sen prexuízo das correccións ou consecuencias que a conduta puidese ocasionar.

## i) Actividades prohibidas

- Non está permitido comer nin beber nas aulas, laboratorios, biblioteca, salón de actos e ximnasio.
- Está prohibido o consumo de alcohol ou outro tipo de drogas, ou vir ó centro baixo os seus efectos.
- Está prohibido vir ó centro portando obxectos perigosos.
- Está prohibido fumar en calquera dependencia do centro, incluso nos espazos exteriores e nas súas inmediacións.
- Está prohibido subtraer calquera material das instalación do centro ou obxectos persoais pertencentes a calquera membro da comunidade educativa.

## ii) Uso de espazos e instalacións

- Todos os membros da comunidade escolar deberán coidar o edificio, instalación, moblaxe, espazo exterior, etc. e informar a dirección daquelas condutas causantes dos danos no material e dependencias do centro.

- O alumnado debe depositar todo tipo de papeis ou plásticos no colector axeitado e así manter a limpeza do centro.
- Durante as horas de clase, o alumnado non poderá permanecer nos corredores nin no bar. No caso de ter que abandonar a aula durante unha clase, manter unha conduta axeitada nos corredores e demais espazos. En caso de disturbios ou ausencia dun profesor, atenderase ás indicacións do profesor de garda.

### iii) Asistencia e puntualidade

- Todos os membros da comunidade escolar asistirán coa máxima puntualidade no seu horario.
- Ningún alumno pode abandonar o centro en horario lectivo, salvo que os titores legais veñan a recollelo e asinen a solicitude correspondente en conserxería.
- Todo o alumnado deberá asistir a cada unha das clases establecidas nos seus horarios. No caso de ausencia ou atraso deberán xustificalo debidamente ó titor cando se incorpore.
- Todo o alumnado deberá asistir ás clases co material necesario para as mesmas.

### iv) Difusión e uso de imaxes e aparellos electrónicos.

- O alumnado non poderá facer gravacións ou fotografías dentro do recinto escolar agás que teña autorización expresa do centro.
- O alumnado ten prohibida a difusión de imaxes e gravacións onde aparezan membros da comunidade educativa ou as instalacións do centro.
- Non está permitido o uso do teléfono móbil nas instalacións durante o horario lectivo (incluído o recreo), salvo indicación expresa do profesor e sempre con fins educativos.

### v) Normas no transporte escolar e nas actividades complementarias.

- As normas establecidas no centro serán aplicables no transporte escolar e en todas as actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro.

#### 6.1.5.2. Normas de aula

1. Son puntual á hora de comezar as clases e tamén cando teño que desprazarme ao ximnasio, taller, aulas específicas,...
2. Atendo ás explicacións do profesor e traballo en silencio.
3. Estou ben sentado/a coa cadeira e mesa ben colocados. Só me levanto se mo indica o profesor.
4. Levanto a man cando quero falar sen interromper aos demais.
5. Amoso actitudes respectuosas cara aos compañeiros/as e ao profesorado.
6. Sigo sempre as indicacións que o profesorado me dea.
7. Levo sempre o material que preciso para cada materia e o que me indique o profesorado.

8. Manteño limpa e ordenada a miña mesa e colaboro na limpeza e orde da aula e do centro(mochila no gancho, abrigo no colgadoiro, armario ordenado, patio e da mesa,corredores limpos, etc.)
9. Reservo a comida e a bebida para os recreos.
10. Esquezo o teléfono móbil cando estou no instituto. Se o traio ao centro téño apagado na mochila.
11. Nos cambios de clase:
  - a) Se quedo na aula agardo en silencio preparando a clase seguinte. Non vou ao baño, cafetería, corredores, ...
  - b) Se teño que cambiar de aula vou en silencio, sen perder tempo e sen correr.

#### 6.1.5.3. Dereitos e deberes de cada membro da comunidade educativa

Tipificados nos artigos 6 a 9 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

#### i) Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:
  - a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
  - b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
  - c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
  - d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
  - e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.
2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:
  - a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
  - b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
  - c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

ii) Dereitos e deberes do alumnado

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

iii) Dereitos e deberes do profesorado

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:



- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

## 2. Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

## iv) Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
  - b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
  - c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
  - d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
  - e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:
- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
  - b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
  - c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
  - d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

#### 6.1.5.4. Protocolo contra o incumprimento das normas

Cada curso académico o equipo directivo do IES Canido dedicará un espazo a aula de convivencia, é dicir, un aula para as reunión e o tratamento de conflitos (sala de xuntas).

Contra o incumprimento das normas seguirase o seguinte protocolo:

1. Cando un alumno altera a orde da aula ata o grao que prexudica o dereito dos demais a aprender pode ser enviado á aula de convivencia. O profesorado de garda encargárase deste alumnado, ou, no seu defecto, e porque este profesorado estea atendendo incidencias noutro lugar do centro, o membro do equipo directivo de garda.
2. O profesorado que envía ao alumno/a á aula de convivencia farao cun parte de incidencias cuberto e con traballo sobre a materia.
3. O alumno cubrirá o parte de incidencias no que comentará o sucedido na súa aula.
4. O profesorado de garda comentará as respostas do alumno no formulario cuberto tratando de promover a reflexión e a rectificación por parte do alumno
5. O profesorado de garda supervisará o traballo do alumno/a durante esa hora lectiva na aula de convivencia. Para iso terá en conta as seguintes cuestións:

- Se o alumno/a non trae traballo o profesor de garda acudirá ao **banco de actividades** da aula de convivencia seleccionando este traballo por curso e materia.
  - O profesor de garda comprobará que a información do parte (data, hora, profesor...) é correcta.
  - Se o parte non ten cuberta a parte de información do profesor que expulsou ao alumno/a, o profesor de garda acudirá á aula para que o profesor en cuestión o complete.
6. O profesorado de garda remitirá o formulario cuberto á XE e fará dúas copias, unha para o profesor que expulsou ao alumno/a e outro para o titor de dito alumno.
  7. O profesor/a e o/a titor/a tomarán as medidas oportunas para corrixir a actuación do alumno/a (reflexión, asistencia ao centro algún día pola tarde, recreos...)
  8. Se consideran o caso susceptible de ser tratado na aula de reflexión, polo equipo de mediación ou polo departamento de orientación derivarano onde corresponda.
  9. Se fose preciso pola gravidade da actuación comparecerá ante a Xefatura de estudos e aplicaranse as medidas precisas segundo estas normas, ou se fose o caso, ante a Dirección.

### **6.1.6. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS**

#### *6.1.6.1. Conduas leves contrarias á convivencia*

Son as tipificadas como tales no artigo 16 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no artigo 42 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve a citada Lei.

Ademais, tal e como sinala a alínea e) do devandito artigo están as seguintes contempladas nas normas de organización e funcionamento do centro

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As seguintes condutas, cando non alcancen a gravidade das do apartado "condutas gravemente prexudiciais":
  1. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
  2. Os actos de discriminación contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
  3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina leve.
  4. Os danos causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o

software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

5. Os actos inxustificadas que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

6. As actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

#### i) Medidas correctoras

As contempladas no artigo 22 do Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no artigo 43 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve a citada Lei e as establecidas polo centro.

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Petición de desculpas, se fose o caso.
- c) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- d) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- e) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- f) Realización, en horario non lectivo, de tarefas para mellorar o seu rendemento escolar e/ou tarefas de reflexión para mellorar o seu comportamento.
- g) Realización de tarefas de limpeza e orde da aula e do centro.
- h) Asunción do pagamento dos danos materiais causados
- i) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- j) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- k) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

- l) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### **Procedemento e responsables para a imposición das medidas.**

Conforme o seguinte cadro explicativo (Baseado no artigo 26 do Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no artigo 44 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve a citada Lei, e nas normas do centro):

#### CADRO

##### Modelos de comunicación de medidas correctoras

Ver [anexos](#)

#### *6.1.6.2. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia*

Son as tipificadas como tales no artigo 15 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no artigo 38 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve a citada Lei.

Ademais, tal e como sinala a alínea e) do artigo 15 da Lei 4/2011 están as contempladas nas normas de organización e funcionamento do centro.

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos

informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

#### i) Medidas correctoras

Baseadas nas contempladas no artigo 21 do Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no artigo 39 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve a citada Lei:

E concretadas ao noso centro, de acordo coas normas de convivencia do centro, na táboa do [anexo](#).

#### ii) Procedemento e aplicación

O contemplado no artigo 25 do Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no artigo 41 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve a citada Lei.

#### iii) Modelos de comunicación de medidas correctoras

Ver [anexos](#)

### **6.1.7. COMISIÓN DA CONVIVENCIA: COMPOSICIÓN, NORMAS, REUNIÓNS.**

A Comisión de Convivencia do Consello Escolar é o órgano de planificación, xestión e avaliación da convivencia que se ocupa de canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia e promover a cultura de paz e a resolución pacífica dos conflitos no centro:

## Composición:

DIRECTOR	Montes Rodríguez, Rodrigo
XEFA DE ESTUDIOS	Calvo Losada, Marián
XEFA D. ORIENTACIÓN	Goás Vargas, Clara
PROFESORADO	López Pazos, Manuel
	Juiz Río, Sandra
	Rodríguez Pérez, José Jorge
ALUMNADO	
	Lorenzo Río, Luna
RESPONSABLES	Primoy Varela, Ana Sonia
	Carballeda Pereiro, Margarita
PAS	Blanco López, Cristóbal

**Funcións:**

- a) A participación na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar.
- b) A elaboración dunha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel centro. Este informe será trasladado á Consellería.
- c) A coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionadas coa mellora da convivencia.
- d) Propoñer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.
- e) Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa.

**Normas:**

- 1) Actúa por delegación do Consello Escolar.
- 2) Ocúpase da planificación, xestión e avaliación da mellora da convivencia escolar.
- 3) Promove a mediación na xestión dos conflitos.
- 4) É un referente democrático da autoridade no centro educativo.

O plan de convivencia debe incluír o plan de actuacións e o calendario de reunións da Comisión de Convivencia para o exercicio das funcións que ten atribuídas.

- 5) Medidas preventivas e detección de conflitos

Reunirse unha vez por trimestre como mínimo.

### 6.1.8. MEDIDAS DE COORDINACIÓN

#### 6.1.8.1. *No propio centro:*

Reunións dirección-orientación, reunións do equipo directivo, reunións orientación-titores.

#### 6.1.8.2. *Coas familias:*

Reunións Pais/Nais-Titores/as ao inicio de curso. Propónse facer unha segunda reunión durante o curso.

Reunións Pais/Nais-co profesorado-equipos directivos e departamento de Orientación para explicar uso e funcionamento da axenda escolar do IES Canido.

Reunións Pais/Nais-Dirección e ANPA para incentivar a súa participación nesta.

Entrevistas Pais/Nais-Titores/as e profesorado durante todo o curso.

Entrevistas Pais/Nais-Dirección e Xefatura de estudos durante todo o curso.

Entrevistas Pais/Nais-Orientación no caso de alumnado con NEAE ou co alumnado en xeral por petición dos pais/nais, do equipo directivo, da xunta de avaliación...

A axenda escolar como medio de comunicación coas familias.

#### 6.1.8.3. *Co concello:*

Reunións co representante do Concello no Consello escolar.

Solicitudes e peticións á Concellería de Educación neste curso: Para o uso de espazos para charlas e actividades formativas, para a participación an programas municipais, para pedir axudas para a realización da axenda, para solicitar formación en canto a medicación.

Reunións do consello escolar

#### 6.1.8.4. *Con outros centros:*

Entrevistas para intercambiar ideas e coas direccións doutros IES, funcionamento de ensinanzas comúns...

Reunións puntuais sobre aspectos de convivencia que impliquen alumnado dos colexios do barrio e do IES Canido.

Reunións equipos directivos e departamentos de orientación do IES Canido e dos centros de Primaria dos que procede o alumnado que entra en 1º ESO.

### 6.1.9. ESTRATEXIAS PARA DIFUNDIR O PLAN

1. Dende a Dirección propónse que o **alumnado da comisión de lectura** ás normas máis salientables para a convivencia polas aulas durante o primeiro trimestre, acompañado de profesorado ou de membros do equipo directivo, realizando pequenas explicacións ao resto de alumnado **en horas de clase**.
2. Listaxe coas normas de convivencia nas aulas. Poderá haber outras listaxes elaboradas polo alumnado que vai á aula de convivencia amoestado nas clases.
3. Publicación na web do centro.



4. Envío por correo electrónico aos membros da Comisión de convivencia.
5. Resumo das normas publicado nos cortizos das aulas.
6. Sesións de titoría na ESO que traten o Plan de convivencia e as NOF.
7. Informarase dende o equipo directivo ao Claustro, CCP, Consello Escolar, ANPA, Xunta de delegados.

#### **6.1.10. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN**

O seguimento realizarase nas reunións da comisión da convivencia, tratando a evolución do desenvolvemento dos distintos puntos do plan. A avaliación e valoración da efectividade do plan e das medidas propostas farase nas reunións da Comisión e recollerase nas actas das reunións e na Memoria da convivencia do presente curso académico. Na última reunión da comisión os seus membros presentarán propostas de mellora do Plan de cara ao curso que ven.

Neste curso tivemos unha Inspección especial no centro na que dous inspectores revisaron os documentos do centro, entre eles este Plan. As suxestións que fixeron foron recollidas para mellorar o plan, servindo isto como control e seguimento deste.

#### **6.1.11. ANEXOS**

##### *6.1.11.1. Marco normativo*

- Constitución española.
- Declaración Universal de Dereitos Humanos, tratado internacional ratificado por España (BOE 10/10/1979).
- Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de autonomía de Galicia.
- Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 27/2005, de 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade (3 de maio de 2008)

- **Lei 4/2011**, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- **Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 16 de abril de 2015 pola que se nomean os membros do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 6.1.11.2. *MODELOS*

- Modelo de parte de incidencia
- Modelos de comunicación de medidas correctoras
- Táboa de medidas correctoras



**PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR – PARTE DE INCIDENCIA**

(Condutas contrarias á convivencia no centro)

**ALUMNO/A:** ..... **Curso:**..... **Grupo:**.....

**PROFESOR/A:** ..... **Lugar:**.....

**Data:** - -201..... **Hora:** 1ª- 2ª- 3ª- Recreo- 4ª- 5ª- Recreo- 6ª- 7ª

**CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA:**

(Sinalar cun “ x” as condutas que se axustan ao incidente)

- Interromper ou dificultar o normal desenvolvemento da clase.
- Impedir ou dificultar o estudo e o traballo dos seus compañeiro/as
- Non levar de maneira sistemática os materiais de traballo á clase
- Dirixirse de forma inapropiada ao seu profesor/a ou membro da comunidade educativa
- Non facer caso das indicacións feitas polo profesor/a
- Faltar ao respecto ou molestar un compañeiro/a
- Causar danos de maneira intencionada ao mobiliario, instalacións ou materiais didácticos
- Correr, berrar ou empurrar aos compañeiros nos corredores
- Manipular ou ter á vista calquera dispositivo electrónico non autorizado polo/a profesor/a
- Ter faltas reiteradas de puntualidade inxustificadas
- Encubrir ou incitar a cometer faltas contrarias ás normas de convivencia
- Outras condutas:.....

**Observacións:**

**MEDIDA ADOPTADA:**

- Amoestación por escrito
- Expulsión (con traballo) á Aula de Convivencia
- Comparecencia en Xefatura de Estudos ou Dirección

Sinatura do profesor/a:

**PROFESOR/A DE GARDA:**(Aula de Convivencia) O/a profesor/a tratará de que o/a alumno/a reflexione sobre o seu comportamento. Fará dúas copias:unha para o casilleiro do/a titor/a, outra para o/a coordinador/a de convivencia e deixará o orixinal en X.E.

Sinatura do Profesor de Garda

\*O/A titor/a informará do contido deste parte telefonicamente á familia do/a alumno/a.



Copia para Rexistro de saída nº Data rexistro de saída:	Sr./a. D./Dna. Rúa CP - Ferrol
---	--------------------------------------

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA	
Alumno/a:	Curso e grupo:
COMUNICACIÓN DE MEDIDA CORRECTORA POR CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	
Comunicación número:	Data comunicación:

Distinguido/a Sr/a.:

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa establece no seu Título II, artigo 7.2 os **deberes básicos de convivencia do alumnado**. O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve a citada Lei establece no Título III as **condutas contrarias á convivencia e a súa corrección**. No seu artigo 42 tipifica as **condutas leves contrarias á convivencia e no artigo 43 as medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia**.

CONDUTA QUE SE LLE IMPUTA Ó/Á ALUMNO/A e MEDIDA(S) CORRECTORA(S)

Descrición da conduta contraria á convivencia: Acumulación de partes de incidencia. Agresión leve a un compañeiro. Desobediencia de ordes directas de profesores.

Esta conduta tipifícase como conduta leve contraria á convivencia segundo o artigo artigo 42 alinea a) a línea k) do citado Decreto 8/2015.

Medida correctora que se lle aplica segundo o artigo 43 do Decreto 8/2015: (marque o que proceda)

- Amoestación privada ou por escrito.
- Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos
- Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos.

Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.

Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Concreción (se é necesario) da medida correctora imposta (con lugar, data e hora):

Lembrámoslle que a reiteración nun mesmo curso académico de condutas contrarias á convivencia e o incumprimento das medidas correctoras impostas, constitúen unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia, feito que daría lugar a incoación dun procedemento de corrección coas consecuencias que del poderían derivarse.

Atentamente,

Asdo:

Director/a

### Táboa de medidas correctoras

Conduas tipificadas como leves	Medidas correctoras	Responsable da aplicación da medida
a) 1. As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Amoestación privada, comunicación telefónica aos responsables legais por parte do titor e comparecencia ante a xefatura de estudos que valorará a medida correctora a aplicar:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titor</li> <li>• Profesorado</li> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
a) 2. Os actos de discriminación contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de traballos específicos en horario lectivo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titor</li> <li>• Profesorado</li> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de traballos específicos pola tarde</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titor</li> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
a) 3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina leve.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
a) 4. Os danos causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asunción do pagamento dos danos materiais causados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección</li> </ul>
a) 5. Os actos inxustificadas que perturben o normal desenvolvemento das actividades do	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección</li> </ul>

<p>centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.</p> <p>a) 6. As actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.</p>	<p>por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>	
<p>b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Confiscación do obxecto, substancia ou produto, amoestación privada, comunicación telefónica aos responsables legais por parte do titor e comparecencia ante a xefatura de estudos que valorará a medida correctora a aplicar:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titor</li> <li>• Profesorado</li> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de traballos específicos en horario lectivo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titor</li> <li>• Profesorado</li> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de traballos específicos pola tarde</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titor</li> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección</li> </ul>

	evitar a interrupción no proceso formativo.	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección</li> </ul>
c) A falta de asistencia inustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Amoestación privada, comunicación telefónica aos responsables legais por parte do titor e inicio do protocolo de absentismo se procedese no caso das faltas de asistencia inustificadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titor</li> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Amoestación privada, comunicación telefónica aos responsables legais por parte do titor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titor</li> <li>• Profesorado</li> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de traballos específicos en horario lectivo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titor</li> <li>• Profesorado</li> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de traballos específicos pola tarde</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titor</li> <li>• Xefatura de estudos</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección</li> </ul>

<b>Condutas tipificadas como graves</b>	<b>Medidas correctoras</b>	<b>Responsable da aplicación da medida</b>
<p>a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.</p> <p>b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.</p> <p>c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.</p> <p>d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.</p> <p>e) As actuacións que constitúan</p> <p>i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.</p> <p>j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Amoestación privada, comunicación telefónica aos responsables legais por parte do titor e comparecencia ante a xefatura de estudos que valorará a medida correctora a aplicar:</li> <li>• Realización de traballos específicos en horario lectivo ou non lectivo</li> <li>• Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período entre dúas semanas e un mes</li> <li>• Cambio de grupo.</li> <li>• Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</li> <li>• Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección do centro por proposta da persoa instrutora do procedemento corrector</li> </ul>



<p>educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.</p> <p>k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.</p> <p>l) O incumprimento das sancións impostas.</p>	<p>traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>	
<p>Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teña como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, raciais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</li> <li>• Cambio de centro.</li> </ul>		

## 7. REPARTO DE RESPONSABILIDADES

ASPECTO	FAI PROPOSTAS	APROBA
Contorno do centro. Sinais de identidade.	Consello escolar Claustro	Director
Aspectos xerais Plans e programas	Claustro	Claustro
Plan de convivencia Normas de organización e funcionamento	Claustro	Director
Proxecto de xestión	Equipo directivo	Director
Plan recursos complementarios	Equipo directivo	Director Autoriza: Xefatura Territorial
Proxecto lingüístico	CCP	Claustro
Proxecto lector / Biblioteca	Claustro	Claustro
Plan E. Dixital	Centro	Consellería
Plan atención a diversidade	CCP Departamentos Claustro	Claustro
Plan de Orientación	Departamento de Orientación	Claustro

Ao tratarse dun documento aberto e dinámico que está sometido aos cambios que se producen na lexislación, no contorno, e no propio centro; este PEC deberá ser sometido a revisión, cando menos, con carácter bianual.

\*Proxecto educativo de centro modificado, actualizado e aprobado polo Claustro con data 25/06/2021, e polo Consello Escolar con data 22/06/2021.

\*Proxecto educativo actualizado pola dirección do IES Canido con data 10/03/2022.